



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 27 DE XULLO DE 2006,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Proxecto de Lei de fundacións de interese galego

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Proxecto de Lei de horarios comerciais de Galicia

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto de creación do Consello Galego de Inmigración

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Decreto regulador dos rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Decreto polo que se deixa sen efecto a declaración de utilidade pública e urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción da obra de acondicionamento da estrada PO-432 Virxe do Camiño-Cella. Treito: Virxe do Camiño-Mosende
- Decreto polo que se regula a estrutura, a composición e as funcións do Consello Galego de Transportes

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



- Decreto polo que se transforma o conservatorio de música oficial non estatal de grao elemental, dependente do Concello do Barco de Valdeorras (Ourense), en conservatorio profesional de música

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Decreto polo que se modifica o decreto de establecementos de turismo rural
- Decreto polo que se establece a ordenación dos campamentos de turismo en Galicia

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se acorda a cesión en propiedade, a título gratuito, do predio nº 703, da zona de concentración parcelaria de Santa Baia de Vedra (Vedra-A Coruña)
- Decreto polo que se acorda a cesión en propiedade, a título gratuito, do predio nº 770, da zona de concentración parcelaria de Santa Baia de Vedra (Vedra-A Coruña)

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural, coa categoría de conxunto histórico, a zona vella da cidade de Vigo, na provincia de Pontevedra

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Decreto polo que se nomea director xeral de Estruturas e Mercados da Pesca a José Manuel López Rodríguez

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Decreto polo que se determina o calendario laboral para o ano 2007 na Comunidade Autónoma de Galicia

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Comunidade Autónoma de Galicia para a realización de actuacións encamiñadas ao desenvolvemento do Plan do Voluntariado 2005-2009



- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Universidade da Coruña para a realización dun estudo dun programa de intervención sobre menores maltratados dos seus pais
- Acordo polo que se declara o proxecto sectorial para a ampliación do centro de atención especial a persoas con parálise cerebral da Asociación Aspace, en Sada, como de incidencia supramunicipal para os efectos previstos pola Lei de ordenación do territorio de Galicia e polo decreto polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se designa a titular da Consellería de Sanidade como membro do Consello de Administración da Fundación España Salud en representación da Xunta de Galicia
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Ateneo Republicano de Galicia para a adquisición dun inmovible na cidade da Coruña para a realización de actividades culturais, sede do arquivo histórico e exposición permanente e pública

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de 3.066.099 euros das obras “Acondicionamento da estrada OU-411 Bande-O Condado. Treito Ponte do Río Deva
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Pedrafita do Cebreiro para a construción dunha área de estacionamento de autobuses no dito concello
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda nº 2 ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Lugo para a construción do Centro Cultural-Auditorio no edificio do Cuartel de San Fernando na cidade de Lugo

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a aprobación do acordo sobre as retribucións do profesorado dependente da



Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que imparte ensinanzas distintas nas universidades

- Acordo polo que se valida a addenda ao acordo asinado entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as organizacións sindicais, CCOO, ANPE e CSIC sobre acceso á función pública docente en calidade de profesores interinos ou substitutos do ano 1995
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Empresa Universidade Galega (FEUGA) para a acollida de bolseiros no MUPEGA
- Acordo polo que se autoriza a modificación do compromiso plurianual que se deriva da orde pola que se modifican os concertos educativos con centros docentes privados de educación primaria, educación secundaria obrigatoria, educación especial, programas de garantía social, ciclos formativos de grao medio e ciclos formativos de grao superior
- Acordo polo que se autoriza o pagamento de gratificacións ao profesorado do ámbito non universitario que participan no Programa de reforzo, orientación e acompañamento Escolar (PROA)

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autorizan compromisos de gastos de carácter plurianual e ampliación dos límites de gasto por parte da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación en relación coas axudas convocadas nos anexos I, II, IV, V e VI da orde da Consellería de Innovación e Industria pola que se convocan as axudas correspondentes a diversas accións de formación de investigadores do Programa de recursos humanos do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (2002-2005) para o ano 2006
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Comercio para a realización de diversas actuacións de fomento do comercio retalista no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria, o Consello Superior de Investigacións Científicas e a Fundación Centro Tecnolóxico de Galicia para o cofinanciamento e mantemento de equipamento



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos, no marco do programa estratéxico de infraestruturas no medio rural (PEIM Rural- Ares... Pontearreas)
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración con *Seiasa del Norte S.A.* e a Comunidade de Regantes de Río Miño-Pequeno (Lugo) para o establecemento das condicións técnicas e financeiras para participar na execución e explotación das obras de modernización e consolidación dos regadíos da comarca de Terra Cha (Lugo)

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e o Concello de Tui para a realización das obras de reparación e consolidación da Ponte da Veiga
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e o Concello da Coruña para a realización dunha tempada de ópera
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e a Federación Galega de Vela co fin de coadxuvar os gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e a Federación Galega de Tenis co fin de coadxuvar os gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e a Federación Galega de Remo co fin de coadxuvar os gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e a Federación Galega de Piragüismo co fin de coadxuvar os gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade



- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e a Federación Galega de Natación co fin de coadxuvar os gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e a Federación Galega de Fútbol co fin de coadxuvar os gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e a Federación Galega de Baloncesto co fin de coadxuvar os gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e a Federación Galega de Ciclismo co fin de coadxuvar os gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e a Federación Galega de Fútbol Sala co fin de coadxuvar os gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e a Federación Galega de Atletismo co fin de coadxuvar os gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de vacinas para o Programa galego de vacinacións por un importe total de 15.090.200 euros

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Acordo polo que se aproba a declaración do proxecto sectorial como de incidencia supramunicipal de implantación dunha granxa mariña e criadeiro de orella de mar, na Piela-Tal de Abaixo no concello de Muros (A Coruña)



- Acordo polo que se aproba a declaración do proxecto sectorial como de incidencia supramunicipal de ampliación III de granxa mariña de peixes planos en praia de Lago no concello de Xove (Lugo)
- Acordo polo que se aproba a declaración do proxecto sectorial como de incidencia supramunicipal de granxa mariña de peixes planos en Penedo do Corvo-Piñeira no concello de Ribadeo (Lugo)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Fundación para a investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación no sector pesqueiro de Celeiro para o desenvolvemento de proxecto piloto para a redución do consumo enerxético nos buques pesqueiros mediante a implantación de novas tecnoloxías no buque Santiago Apóstolo

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se aproba o réxime de financiamento das obras do proxecto de construción de “Colector xeral de Ribadeo. Treito: Rinlo-Vilaselán. Ribadeo (Lugo)”, por importe de 1.077.984,52 euros, cun financiamento do 100 por cento a cargo da Xunta de Galicia
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico financeira da Xunta de Galicia co Concello de Pontevedra para a execución das obras “Actuacións de saneamento na bacía Galicia-Costa. Colectores xerais de Cuntis. Cuntis (Pontevedra) por importe de 565.468,10 euros
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico financeira da Xunta de Galicia co Concello do Barco de Valdeorras para a execución das obras: “Plan de saneamento. Saneamento das marxes do río Sil no núcleo do Barco de Valdeorras (Ourense) por importe de 1.813.380,78 euros
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico financeira da Xunta de Galicia co Concello de Piñor para a execución das obras: “Plan de saneamento. Saneamento no Concello de Piñor. Piñor (Ourense)”, por importe de 324.968,12 euros
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para o deseño e execución do sistema de información territorial sobre a biodiversidade de Galicia
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia e a



Universidade de Santiago de Compostela para a elaboración dun catálogo de árbores senlleiras de Galicia

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dunha addenda ao convenio de colaboración entre o organismo autónomo Augas de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización dun estudo sobre a calidade das augas superficiais de Galicia-Costa
- Acordo polo que se autoriza o compromiso plurianual da concesión das bolsas para incorporación de titulados superiores no centro de investigacións ambientais de Lourizán-Pontevedra

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da resolución pola que se lle encargará a empresa pública Xestur-Pontevedra S.A. a reurbanización da 1ª e 2ª etapa e urbanización da 3ª etapa, fase A, do solo residencial de Navia (Vigo)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da segunda addenda ao convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Ferrol para a urbanización dos barrios da Madalena-Ferrol Vello
- Acordo polo que se autoriza o gasto, de carácter plurianual, derivado da orde pola que se convocan as subvencións que se poderán outorgar no exercicio 2006 ao abeiro do decreto que regula o programa de vivenda en aluguer

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Informe sobre o Plan de Actuacións na Costa da Morte



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO DE LEI DE FUNDACIÓNS DE INTERESE GALEGO

- ***Con el preténdese facilitar a actividade destas fundacións e promover, dende o respecto á súa autonomía, os fins de interese xeral para os que se constituíron***
- ***O texto recolle a creación do Consello Superior de Fundacións de Galicia como órgano de carácter consultivo***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de Lei de fundacións de interese galego, para dotar a Comunidade Autónoma dun texto normativo actualizado e adaptado á realidade do fenómeno fundacional, debido á súa crecente importancia e actuación en múltiples eidos. A través deste texto introdúcense aspectos dirixidos a facilitar a actividade das fundacións de interese galego e a promover, dende o respecto á súa autonomía, os fins de interese xeral para os que se constituíron, considerando que a súa acción se debe entender como unha tarefa compartida entre os diferentes poderes públicos e a sociedade civil.

Así, a lei pretende regular as fundacións declaradas de interese galego para potenciar a súa creación, o seu desenvolvemento e a súa adscrición ao ámbito desta e, polo tanto, á consecución dos fins de interese xeral para os que se constituíron. O marco regulador intenta responder a unhas necesidades de flexibilidade e de autonomía acordes coa realidade actual, e neste sentido a normativa configúrase como pouco intervencionista, polo que o protectorado desempeña un maior número de funcións de asesoramento e de apoio, en detrimento de medidas de fiscalización.

A lei articúlase en dez capítulos, formados por 63 artigos, catro disposicións adicionais, unha transitoria, unha derogatoria e dúas derradeiras. Nela se defínense as fundacións de interese galego como aquelas organizacións constituídas sen fin de lucro que, por vontade dos seus creadores, teñan afectado de modo duradeiro o seu patrimonio á realización de fins de interese xeral para Galicia, desenvolvan principalmente as súas actividades e teñan o seu domicilio no territorio da Comunidade Autónoma; ou ben aquelas que, sen cumprir estes requisitos, desenvolvan actividades de especial interese para Galicia e así sexa declarado por acordo da Xunta.

Estrutura da lei

O capítulo I contén as disposicións xerais, o concepto de fundación de interese galego e o seu réxime xurídico. Ademais, regúlanse neste capítulo aspectos relacionados cos fins e cos beneficiarios, a personalidade xurídica, a denominación e o domicilio das fundacións, e os aspectos principais das fundacións estranxeiras. O II recolle as normas que regularán a capacidade para crear estas entidades e as modalidades de constitución, así como os requisitos de escritura pública e dos estatutos, entre outros.

O III, pola súa banda, refírese á definición, composición e o funcionamento do órgano do padroado da fundación, así como os dereitos, os deberes e as responsabilidades dos seus membros. Neste sentido, unha das novidades recollidas pola lei é a posibilidade de



retribuír aos patróns que presenten servizos distintos do de desempeño das súas funcións.

O capítulo IV refírese ao réxime económico da fundación, e o V aos seus principios xerais de funcionamento, de actividade e de xestión económica. O VI regula os procedementos de modificación estatutaria, de fusión e de escisión de fundacións, así como os relativos á extinción e á liquidación destas.

O capítulo VII dedícase ao protectorado, e establece as normas relativas á súa organización e ás atribucións, entre as que destacan as funcións de impulso, de apoio e de asesoramento, tanto para as fundacións xa constituídas como para as que se atopan en proceso de constitución.

Ao potenciarse as funcións asesoras e de apoio deste órgano en detrimento das de autorización previa, flexibilízanse e simplifícanse os procedementos administrativos de control e relación coas fundacións, e amplíase a súa autonomía. Así, elimínanse todos os supostos de autorización previa por parte do protectorado –salvo para os supostos de escisión con transmisión do escindido a outra fundación xa existente–, que se substitúe por unha comunicación posterior. Así, as fundacións dispoñen de amplas facultades para a disposición e gravame de bens, sen necesidade de intervención previa do protectorado, bastando en moitos casos coa mera información a través da memoria anual.

O capítulo VIII regula as normas básicas de actuación do Rexistro de Fundacións de Interese Galego, que establecerá os principios, os actos que se deben inscribir e a obrigatoriedade de inscrición para todas as fundacións que desenvolvan, principalmente, as súas actividades en Galicia. Este Rexistro será público e único para toda a Comunidade Autónoma e estará adscrito á consellería competente en materia de fundacións; mentres que o IX regula a natureza e o funcionamento do Consello Superior de Fundacións de Galicia, creado por esta lei como órgano de carácter consultivo para asesorar, informar e ditaminar sobre as disposicións que afecten ás fundacións de interese galego

Por último, o capítulo X define o réxime aplicable das fundacións incluídas no sector público de Galicia, establecendo as limitacións e os requisitos exixidos pola natureza especial destas entidades. Nel regúlase o procedemento e requisitos para a súa creación, sobre a que o Parlamento de Galicia poderá exercer determinados controis; e determínase o seu réxime xurídico, concretando que non poderán exercer potestades públicas, establecénselle garantías en canto á selección do seu persoal e atribúeselle o control financeiro á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.



APROBADO O PROXECTO DE LEI DE HORARIOS COMERCIAIS DE GALICIA

- ***O proxecto busca conxugar os intereses do comercio retalista cos do consumidor, garantindo o nivel axeitado de oferta aos consumidores***
- ***O número total de domingos e festivos hábiles non poderá exceder de oito***
- ***O horario xeral queda fixado nun máximo de 72 horas semanais***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o proxecto da nova Lei de horarios comerciais, un proxecto que será debatido no Parlamento galego e que responde á necesidade de establecer un novo réxime de horarios comerciais e de aperturas en domingos e festivos, que atenda de maneira axeitada as peculiaridades do sector en Galicia e garanta tamén o nivel necesario de oferta aos consumidores.

Entre as novidades que introduce o anteproxecto de lei figura a posibilidade de que os Concellos que o soliciten poidan substituír dous dos domingos e festivos hábiles para o comercio por outros dous que consideren máis axeitados aos intereses comerciais do seu termo municipal. En todo caso, o número total de domingos e festivos hábiles non poderá exceder de oito, desaparecendo o procedemento que lles permitía aos concellos engadir a estes, outros dous días. Por outro lado, o horario xeral queda fixado nun máximo de 72 horas semanais.

Co fin de buscar o equilibrio necesario entre o abastecemento local e a conciliación da vida familiar e laboral, exclúense cinco días da posibilidade de elección dos oito festivos ou domingos hábiles comercialmente: o 1 de xaneiro, o 1 e o 17 de maio, o 25 de xullo e o 25 de decembro. Coa mesma finalidade de conciliación da vida laboral e familiar, adiántase o peche dos establecementos ás 20,00 horas nas datas do 24 e 31 de decembro.

A nova regulación outorgaralles aos concellos facultades en materia inspectora, respecto da vixilancia daquelas infraccións que se puidesen producir en materia de horarios comerciais, toda vez que como administracións máis próximas ao cidadán, poderán exercer un control máis eficaz. En todo caso, a potestade sancionadora seguirá residindo na Consellería de Innovación e Industria.

O proxecto reduce a 150 metros cadrados a superficie útil de venda e exposición ao público que deben posuír os establecementos comerciais para gozaren de plena liberdade horaria (na regulamentación actual a superficie mínima sitúase en 300 metros cadrados). Así mesmo, establécese un procedemento de declaración de concello turístico, co obxectivo de que os establecementos situados na área de declaración gocen de liberdade horaria. A área proposta pode ser inferior ao territorio municipal ou incluír só unha parte dun núcleo de poboación, e a súa aprobación corresponderalle á Consellería de Innovación e Industria.

O CONSELLO GALEGO DA INMIGRACIÓN DARÁ VOZ Á POBOACIÓN INMIGRANTE E PROMOVERÁ POLÍTICAS TRANSVERSAIS QUE FACILITEN



UNHA CONVIVENCIA HARMÓNICA NA SOCIEDADE

- ***Terá como función informar e asesorar na planificación das actuacións da administración autonómica en materia de inmigración, así como facer avaliacións sobre as actuacións emprendidas***

O Goberno galego aprobou hoxe o decreto polo que se constitúe o Consello Galego da Inmigración, órgano colexiado de carácter consultivo que terá como obxectivos principais servir de canle de diálogo e participación, recoller as aspiracións e demandas da poboación inmigrante e dos diferentes actores sociais das que se derivarán propostas tendentes a promover a súa integración, informar e asesorar na planificación das actuacións da administración autonómica en materia de inmigración, así como facer avaliacións sobre as actuacións emprendidas.

O novo órgano pretende ser un instrumento eficaz e operativo, na busca da convivencia harmónica no seo da sociedade galega, propoñendo medidas que permitan desenvolver instrumentos, actitudes e alternativas que deriven na convivencia intercultural dentro dunha sociedade diversa e activa. Así mesmo, a súa creación responde á necesidade de contribuír a executar unha política integral e coordinada, baseada na integración social das persoas inmigrantes a través da consulta e participación de todos os axentes implicados.

Algunhas das súas funcións serán: elaborar propostas e recomendacións tendentes a promover a integración dos inmigrantes; promover a formulación de políticas transversais; emitir informes sobre calquera cuestión que poida afectar a integración social das persoas inmigrantes, cando por estimalo conveniente lle sexan requiridos por instancia da Secretaría Xeral de Emigración; emitir informe preceptivo previo á aprobación do Plan Galego da Inmigración; recadar e canalizar propostas das organizacións sociais con actividade no ámbito inmigratorio de cara a facilitar a convivencia e a cohesión na sociedade de acollida; solicitar e recibir información sobre os programas e actividades que en materia de integración social das persoas inmigrantes desenvolven as diferentes administracións, ou elaborar unha memoria anual sobre a súa actuación.

O Consello Galego da Inmigración estará constituído por unha Presidencia, unha Vicepresidencia, un secretario e 34 vogais, dezaseis en representación das administracións públicas e dezaioito en representación das asociacións de inmigrantes, organizacións sociais sen fin de lucro implicadas no eido dos movementos migratorios, universidades, organizacións sindicais, organizacións profesionais agrarias, e organizacións empresarias, con ámbito de actuación en Galicia.

A Presidencia do consello corresponderá ao presidente da Xunta de Galicia, a vicepresidencia será desempeñada polo titular da Secretaría Xeral de Emigración, e a secretaría recaerá no titular da subdirección competente en materia de planificación das políticas de inmigración da Secretaría Xeral de Emigración. Os vogais representantes das administracións públicas pertencerán aos seguintes departamentos: dous da



Vicepresidencia da Igualdade e o Benestar, e un das consellerías de Presidencia, Economía e Facenda, Educación e Ordenación Universitaria, Cultura e Deporte, Sanidade, Traballo, Vivenda e Solo; tamén, contribuirán cun vogal as secretarías xerais de Relacións Exteriores e de Análise e Proxección.

O Consello Galego da Inmigración, que funcionará en pleno, comisión permanente e comisións de traballo, nace fronte á caracterización cada vez máis heteroxénea da sociedade galega. Galicia non é allea aos cambios que experimenta o resto de España, e as súas cidades e vilas rexistran a chegada de novos veciños e veciñas procedentes doutros países, portadores de linguas e tradicións culturais diversas que configuran unha nova sociedade plural e complexa.

A Secretaría Xeral de Emigración, partindo da configuración desta nova realidade social, ten como obxectivo principal das súas políticas migratorias conseguir a plena integración das persoas inmigrantes na sociedade galega. O respecto polos dereitos das persoas inmigrantes supón partir de que estas tamén son protagonistas das novas políticas públicas. A integración dos inmigrantes, pois, non debe contemplarse como unha cuestión periférica ou sectorial, xa que é clave na consecución dunha cidadanía plural e inclusiva. Por iso, a chegada de persoas inmigrantes debe ir acompañada de actuacións públicas que faciliten a súa integración.



A XUNTA CREA O REXISTRO PÚBLICO DE AXUDAS, SUBVENCÍONS, CONVENIOS, E DE SANCÍONS

- ***Ambos os rexistros serán de acceso público a través da internet o que supón un maior achegamento aos cidadáns mediante o uso das novas tecnoloxías***
- ***O Goberno dá cumprimento ao compromiso contido nos orzamentos para este ano cunha medida dirixida a mellorar a xestión e aumentar a transparencia***
- ***A Consellería de Economía e Facenda encargárase da xestión dos rexistros que tamén estarán conectados cos órganos xestores e co sistema contable público***
- ***Os rexistros incluírán datos de identificación de beneficiarios, actos de concesión e modificación, importes e normas e órganos vinculados***
- ***Non será necesaria a publicidade cando os importes aos que se refiran non superen os 1.500 euros.***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de decreto regulador dos rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios; e de sancións da Xunta de Galicia, que organizará, dirixirá e xestionará a Consellería de Economía e Facenda. A creación destes rexistros foi comprometida polo Goberno galego nos orzamentos da Comunidade para este ano, dentro das iniciativas para a mellora da xestión da Administración pública e a procura da maior transparencia da información. O proxecto do decreto aprobado hoxe dá así cumprimento ao compromiso establecido cos cidadáns e as organizacións no seu conxunto, á vez que promove a apertura de novas canles de comunicación coa sociedade mediante o uso das novas tecnoloxías, xa que os rexistros serán de acceso público a través da internet.

O Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios recollerá as bases reguladoras e convocatorias de axudas e subvencións, e os actos de concesión delas. Tamén comprende os convenios de colaboración dos cales se derive unha achega de financiamento e os convenios asinados con entidades colaboradoras. Non obstante, non será necesaria a publicidade cando os importes aos que se refiran non superen os 1.500 euros. Ademais, non se incluírán no rexistro datos de beneficiarios cando por razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor, e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas. O Rexistro de Sancións, pola súa banda, recollerá os datos relativos ás sancións dende a firmeza da resolución administrativa que as impoña, coas mesmas restricións de publicidade que as indicadas para o anterior rexistro.

De libre acceso ao público a través da páxina web da Xunta de Galicia, ambos os rexistros incluírán unha serie de datos en función das súas características. No caso do Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, figurarán datos relativos á convocatoria e base reguladora de que se trate; datos dos actos de concesión e posibles modificacións; e datos dos convenios de colaboración ou con entidades colaboradoras. En xeral, recollerán denominacións das normas, órganos vinculados, identificación de beneficiarios, importes e finalidade das axudas, e período de vixencia. Xa no caso do Rexistro de Sancións, os



datos básicos que conterà son a identificación do afectado, a normativa infrinxida, o tipo e importe da sanción, e a indicación do seu cumprimento ou non.

A Consellería de Economía e Facenda, responsable da elaboración da norma, encargarse da xestión dos rexistros, que tamén terán entre as súas funcións básicas a ordenación e xestión das bases de datos; a súa coordinación con outras bases de datos; e a colaboración con órganos ou entidades de control. De feito, garantirá a interconexión cos órganos xestores e co sistema contable público da Xunta de Galicia, de modo que permita o intercambio de información con este último.



APROBADO O DECRETO QUE MODIFICA A COMPOSICIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO GALEGO DE TRANSPORTES

- ***A nova composición permite unha maior operatividade e representatividade ao dito órgano***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se modifica un anterior Decreto de 1986 que regula a estrutura, composición e as funcións do Consello Galego de Transportes, órgano consultivo da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de transportes.

O novo decreto establece unha nova composición da Comisión Permanente do Consello Galego de Transportes, dado que dende o ano 86 ata a data o sector dos transportes experimentou importantes modificacións tanto sectoriais como orgánicas.

Por estes motivos, facíase preciso actualizar a composición da devandita Comisión Permanente a fin de dotar este órgano dunha maior operatividade, establecendo unha estrutura que represente realmente os organismos interesados no transporte terrestre en Galicia.

De acordo co decreto aprobado hoxe polo Goberno Galego, a nova Comisión Permanente do Consello Galego de Transportes estará presidida pola conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, ocupando a vicepresidencia o director xeral de Transportes, mentres que o secretario será nomeado pola propia conselleira.

A Comisión Permanente contará así mesmo con quince vogais, dous deles en representación das consellerías de Política Territorial e de Educación; outros dous en representación das organizacións de consumidores e usuarios; e tres representantes dos traballadores do transporte, designados polas organizacións sindicais máis representativas no sector en Galicia.

O Comité Galego de Transportes por estrada contará con tres vogais, dos que dous representarán ao departamento do transporte de viaxeiros e o terceiro ao departamento do transporte de mercadorías.

Así mesmo, contarán con cadanseu representante a Dirección Xeral de Tráfico, a Administración local a través dun vogal nomeado pola FEGAMP, e o Ministerio de Fomento, en representación doutros modos de transporte en Galicia.

Por último, a Consellería de Política Territorial designará dous representantes de entre as persoas vinculadas ao transporte.



REVOGADO O DECRETO DE EXPROPIACIÓNS PARA O ACONDICIONAMENTO DO TREITO VIRXE DO CAMIÑO - MOSENDE DA ESTRADA PO-342

- ***Redactarase un novo proxecto acorde coa baixa intensidade de tráfico desta estrada***

O Consello da Xunta acordou hoxe deixar sen efecto a declaración de utilidade pública e urxente ocupación dos terreos e dereitos afectados polo proxecto de acondicionamento do tramo Virxe do Camiño – Mosende, da estrada PO-342 (Virxe do Camiño-Cela).

A revogación do correspondente decreto de expropiación prodúcese logo de que o pasado mes de maio a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes deixase tamén sen efecto a resolución pola que se aprobaba o proxecto das devanditas obras.

Estas decisións derivan da necesidade de redactar un novo proxecto de acondicionamento que se axuste á baixa densidade de tráfico desta estrada PO-342.

De feito, un estudo realizado para determinar a intensidade media de tráfico diaria (IMD) na devandita estrada nun horizonte de 20 anos, estima que esta será inferior a 3.000 vehículos/día, salientando tamén a proximidade de dúas vías de alta capacidade como son a A-55 e a AP-9.

A Dirección Xeral de Obras Públicas considera como vías de baixa IMD aquelas que non superan o limiar dos 3.000 vehículos diarios.



O CONSERVATORIO DE MÚSICA DO BARCO DE VALDEORRAS PASA A SER PROFESIONAL

- *Educación aproba a solicitude do concello para impartir de xeito oficial as ensinanzas de grao medio*
- *Ata o de agora só ofertaba os cursos do grao elemental*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a solicitude do conservatorio de música do Barco de Valdeorras, dependente do concello, de converterse en profesional, coa conseguinte implantación de ensinanzas de grao medio.

Ata o de agora, este conservatorio viña impartindo, ademais do grao elemental para o que tiña concedida a autorización definitiva, as ensinanzas de grao medio de música con carácter provisional. Primeiro, fíxoo ao abeiro dun convenio asinado en 1995, e posteriormente mediante autorizacións provisionais.

Mediante estes acordos provisionais, a consellería recoñecía a validez académica das ensinanzas de música de grao medio impartidas no centro, e comprometíase á creación dun conservatorio profesional, unha vez que o concello cumprise os requisitos mínimos necesarios para tal recoñecemento.

Tras as obras de adaptación ás novas necesidades, o conservatorio conta con 80 postos escolares de grao elemental e 180 de grao medio. Ademais, dispón de diversas aulas de ensinanzas instrumentais e non instrumentais, de música de cámara e de coro e orquestra, cabinas de estudo, biblioteca e fonoteca. Por último, posúe un corpo de docentes adecuado aos requisitos que exige a implantación do grao medio. O custo de funcionamento do conservatorio corresponde ao Concello do Barco de Valdeorras, do cal depende o centro.



A XUNTA AUTORIZA UN DECRETO QUE DEFINE E CONCRETA AS CARACTERÍSTICAS DAS PLACAS IDENTIFICATIVAS DE TURISMO RURAL

- ***É unha modificación técnica da normativa vixente, que viña sendo demandada polo sector***

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe un decreto da Consellería de Innovación e Industria polo que se modifica o Decreto 191/2004, do 29 de xullo, de establecementos de turismo rural. Trátase dunha modificación de carácter técnico, referida ás placas identificativas dos establecementos de turismo rural.

O Decreto 191/2004, do 29 de xullo, de establecementos de turismo rural, supuxo no seu día unha actualización da normativa para este tipo de oferta. Entre as novidades que introduciu esta norma atopábase a de que as casas rurais, independentemente da súa tipoloxía, deben exhibir na parte exterior da entrada principal unha placa identificativa.

Cerámica e cores

Aínda que o anexo I do dito decreto recolle os modelos de placas distintivas, as características destas non se atopan totalmente definidas. É por iso polo que agora, mediante esta modificación, a través dun decreto dun único artigo, se concretan tanto o tipo de cerámica como as cores que se deben utilizar.

Con esta puntualización vese tamén satisfeita a demanda realizada polo sector, que ultimamente viña instando á administración a definir con maior exactitude as características das placas identificativas dos seus establecementos.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZOU UN DECRETO DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA SOBRE A NOVA ORDENACIÓN DOS CÁMPINGS

- ***Esta norma actualiza tanto os requisitos de instalación, funcionamento e servizos dos campamentos de turismo como o seu réxime administrativo***

O Consello da Xunta autorizou hoxe un decreto da Consellería de Innovación e Industria polo que se establece a nova ordenación dos campamentos de turismo en Galicia. Esta norma, estruturada en 86 artigos divididos en 12 capítulos, vén cumprir co mandato legal, adecuándose á nova realidade turística e actualizando tanto os requisitos de instalación, funcionamento e servizos dos cámpings como o seu réxime administrativo. Ata o de agora, estes establecementos rexíanse polo Decreto 236/1985, do 24 de outubro, anterior incluso á Lei 9/1997, do 21 de agosto, de ordenación e promoción do turismo en Galicia, que clasificaba e establecía normas de carácter xeral para os cámpings, nos seus artigos 41 ao 44, pero que remitía a un desenvolvemento posterior da normativa mediante decreto, que é o que se ten feito agora.

Entre as principais novidades que introduce este decreto está o incremento da superficie mínima exixida para a instalación do campamento de turismo, que pasa dos 5.000 metros cadrados que establecía a anterior normativa de 1985 aos 8.000 metros cadrados que fixa a nova regulamentación.

Construcións fixas

Así mesmo, mentres a normativa do 85 permitía a instalación de construcións fixas, sen establecer máis requisitos que o de que a superficie de parcelas destinadas a este uso non podía superar o vinte e cinco por cento da destinada ao total das parcelas, o novo texto achega unha regulamentación pormenorizada dos requisitos e condicións mínimas que deben reunir as ditas construcións fixas, distinguindo entre as de carácter permanente dende o punto de vista construtivo e aquelas prefabricadas tipo cabana, *bungalow* ou *mobile-home*. Ademais, para estas construcións posibilitábase que a súa superficie total de localización sexa de ata o cincuenta por cento da superficie total de acampada.

Ao tempo, establécese que as construcións fixas, agora, deberán adaptarse ao ambiente e características do contorno e os materiais empregados nas fachadas e cubertas deberán harmonizar coa paisaxe na cal se instalen, procurando que a súa totalidade responda a un mesmo deseño.

Polo que respecta á póliza de responsabilidade civil, o decreto de 1985 unicamente establecía a obriga da súa contratación polo titular do establecemento. O decreto que hoxe autorizou o Consello da Xunta regula as contías mínimas que deben cubrir estas pólizas e a posibilidade de que inclúan franquías, entre outros requisitos.

Outra singularidade que presenta a nova normativa é a simplificación do procedemento de autorización turística dos cámpings. Neste sentido, substitúese a obrigatoria consulta



sobre as posibilidades legais do campamento por unha potestativa solicitude de informe previo indicativo. Este informe, que pode solicitar que proxecte instalar un campamento de turismo antes de iniciar calquera clase de obra ou actuación, determinará a viabilidade do proxecto para efectos da administración turística.

Tamén se elimina a autorización de instalación e o sistema de dobre autorización (provisional e definitiva) existente ata agora, por unha única autorización, e se engaden os procedementos para a autorización de construcións fixas, de modificacións ou reformas substanciais e para os cambios de titularidade.



A XUNTA DECRETA A CESIÓN DE DOUS TERREOS AO CONCELLO DE VEDRA PARA A INSTALACIÓN DUN PUNTO LIMPO E DUNHA PISCINA MUNICIPAL

- ***Os predios nº 703 e 770 da zona de concentración parcelaria de Santa Baia de Vedra teñen unha superficie de 880 e 8.670 metros cadrados respectivamente e cumprirán coa obriga de ter unha utilidade pública ou de interese social decretada na Lei de concentración parcelaria de Galicia.***

O Consello da Xunta decretou a cesión a título gratuito dos predios nº 703 e 770 situados na zona de concentración parcelaria de Santa Baia de Vedra, tendo en conta a solicitude realizada por parte deste concello en setembro de 2005. A cesión en propiedade destas parcelas efectúase tras a declaración como alleable dos terreos -datada o 9 de xuño do pasado ano- e da aprobación do decreto da orde de alienabilidade emitida por Medio Rural e publicada no DOG con data 7 de xullo de 2006.

A parcela nº 703, cualificada como superficie forestal, está situada no lugar de Viñas de Niño, na parroquia de Santa Baia, e conta cunha superficie de 880 metros cadrados. Segundo a petición expresada polo concello de Vedra albergará a construción dunha piscina municipal, mentres que o predio nº 770 -situado no lugar de Monte de Veiga da mesma parroquia- servirá para acoller nos 8.670 metros cadrados que ocupa a instalación dun punto limpo, segundo queda reflectido no informe subscrito polo director xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias, Xosé Carballido, emitido o pasado 12 de xullo. Deste xeito, en ambos os dous casos cúmprese a obriga recollida no artigo 31.2 da Lei 12/2001, de concentración parcelaria para Galicia, que establece que a terra obxecto de concentración que se ceda a outras entidades debe ter unha clara utilidade pública e social e debe dedicarse a “melloras e equipamentos colectivos máis amplos”. Os dous terreos teñen a cualificación de ben patrimonial -debido a que sobre a masa sobrante de concentración parcelaria non se dá ningunha situación que os poida definir como ben demanial- segundo o artigo 3 da Lei 3/1985.

Tras o exame realizado pola Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias pode procederse á cesión destas dúas propiedades, sempre e cando se cumpra co fin de realizar a instalación, respectivamente, dunha piscina municipal e dun punto limpo nos terreos solicitados e tendo en conta que podería revogarse a decisión se non se chega a cumprir con esta finalidade. Así mesmo, o informe realizado polo departamento que dirixe Xosé Carballido, indica que a cesión dos predios se realizará mediante escritura pública, na cal constará o acordo de cesión a e aceptación do cesionario.



A XUNTA CONFIRMA A DECLARACIÓN DE BEN DE INTERESE CULTURAL PARA A ZONA VELLA DA CIDADE DE VIGO

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de ben de interese cultural (BIC) coa categoría de conxunto histórico***
- ***Supón a protección da zona declarada ben de interese cultural propiamente dita, xunto cunha “zona de respecto”***
- ***Vigo era a única cidade que non contaba con este tipo de protección na súa zona histórica***

O Consello da Xunta de Galicia ratificou hoxe a declaración da zona vella de Vigo como ben de interese cultural, o máximo grao de protección que permite a lexislación galega, poñendo punto final ao trámite iniciado en febreiro deste ano coa incoación do expediente por parte da Consellería de Cultura e Deporte.

A declaración chega nun breve período de tempo –cinco meses- debido a que non houbo ningunha alegación ao expediente. Vigo era ata o momento a única urbe galega que non contaba con este grao de protección. Recoñécese así o valor dun conxunto de elementos singulares, tanto arquitectónicos como ambientais e de ordenación territorial.

Esta declaración implica tanto ás administracións responsables como aos particulares á hora de conservalo e potencialo, xa que supón a protección da zona histórico-artística, que inclúe a chamada zona BIC que comprende os monumentos declarados, estendéndose a outras zonas que polas súas características merecen o máximo recoñecemento, como é o caso do contorno da Colexiata, o barrio do Berbés e San Francisco, o barrio do Castelo, a Ferrería e a rúa de Santiago. Tamén se recoñece unha área de transición, tamén chamada “zona de respecto”, que abrangería o resto do ámbito do PEPRI, incluíndo o bordo marítimo, o barrio do Cura, a Panificadora, a praza do Rei e a Casa do Concello.



NOMEADO JOSÉ MANUEL LÓPEZ RODRÍGUEZ DIRECTOR XERAL DE ESTRUTURAS E MERCADOS DA CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

O Consello da Xunta acordou esta mañá nomear a José Manuel López Rodríguez como máximo mandatario do departamento de Estruturas e Mercados da Pesca, tras o falecemento do anterior director xeral, Manuel Cabirta.

López Rodríguez naceu en Lugo, en outubro de 1950. É licenciado en ciencias económicas pola Universidade de Santiago de Compostela (USC), diplomado na Comunidade Europea pola Universidade da Coruña e diplomado en planificación de empresas pola Universidade Politécnica de Madrid. Así mesmo, realizou estudos complementarios relacionados coa auditoría empresarial e colaborou en diversos cursos de economía pesqueira da USC e outros foros relacionados con esta materia.

José Manuel López foi copartícipe na creación e posta en marcha da Organización de Produtores Pesqueiros de Lugo e da Sociedade de Armadores de Burela. Posúe unha ampla experiencia na xestión administrativa e financeira do sector pesqueiro tras desempeñar diversos cargos como o de director xerente dos armadores burelenses, o de secretario técnico da Confraría de Pescadores de Burela así como o de director financeiro de Porto de Celeiro.



O CALENDARIO LABORAL DE 2007 CONTARÁ CON 15 DÍAS DE DESCANSO LABORAL

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión desta mañá, aprobou o decreto polo que se establece o calendario laboral para o ano 2007 na comunidade autónoma.

Por decreto, o número máximo de festas laborais de carácter retribuído e non recuperable non pode exceder de catorce ao ano, é dicir, doce festividades entre autonómicas e estatais, e dúas locais.

As comunidades autónomas poden substituír as festas que por coincidir en domingo se trasladan ao seguinte luns, por datas que por tradición lle sexan propias. Isto é o que habitualmente se vén facendo para que o Día das Letras Galegas sexa non laborable. Porén, o ano 2007 presenta unha circunstancia excepcional, xa que ningún dos festivos coincide con domingo, polo que para que o 17 de maio sexa festivo terá que engadirse á lista das catorce datas non laborables como festivo de carácter recuperable. O calendario laboral para o vindeiro ano presenta unha certa continuidade na determinación das festas laborais para conmemorar todo aquilo que forma parte da nosa tradición, historia e cultura. As festas laborais de Galicia para o ano 2007 serán as seguintes:

1 de xaneiro	Aninovo
6 de xaneiro	Día de Reis
5 de abril	Xoves Santo
6 de abril	Venres Santo
1 de maio	Festa do Traballo
17 de maio	Día das Letras Galegas
25 de xullo	Santiago Apóstolo. Día Nacional de Galicia
15 de agosto	Asunción da Virxe
12 de outubro	Festa da Hispanidade
1 de novembro	Todos os Santos
6 de decembro	Día da Constitución Española
8 de decembro	Inmaculada Concepción
25 de decembro	Nadal

Por outra banda, tamén serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables, dúas festas locais, que serán determinadas polo delegado ou delegada da Consellería de Traballo en cada unha das provincias da Comunidade Autónoma, por proposta do pleno dos respectivos concellos, e publicaranse nos boletíns oficiais de cada provincia e no Diario Oficial de Galicia.

As festas laborais non recuperables terán o carácter de días inhábiles para os efectos de cómputo de prazos administrativos.

O calendario laboral para o 2007 entrará en vigor a partir do 1 de xaneiro do próximo ano.





A XUNTA DE GALICIA CONVOCA OITO BOLSAS DE FORMACIÓN DE EXPERTOS EN COOPERACIÓN INTERNACIONAL PARA O DESENVOLVEMENTO

- ***Os beneficiarios traballarán na Dirección Xeral de Cooperación Exterior e nos proxectos que se executen nos países prioritarios ou nas oficinas da AECI***
- ***A Administración autonómica duplica este ano o número de bolseiros para esta actividade formativa á que destinará máis de 150.000 euros***

A Xunta de Galicia convocará este ano oito bolsas de formación de expertos en cooperación internacional para o desenvolvemento. Esta convocatoria, á que se destinarán máis de 150.000 euros, duplica o número de bolseiros con respecto ao ano pasado.

Con esta medida preténdese apoiar a formación de expertos en cooperación internacional, complementando a formación académica dos titulados universitarios con estadías na Dirección Xeral de Cooperación Exterior da Xunta de Galicia -en Santiago de Compostela- e nos proxectos que, co apoio do Goberno galego, se executen nos países prioritarios da cooperación galega, así como nas Oficinas Técnicas de Cooperación (OTC) dependentes da Axencia Española de Cooperación Internacional (AECI).

A política de cooperación ao desenvolvemento está experimentando un importante crecemento en Galicia tanto no relativo a medios e instrumentos financeiros como á extensión xeográfica que abrangue. Esta situación fai necesaria a formación de recursos humanos para o desenvolvemento das actuacións neste eido, especialmente tras a aprobación en 2003 da Lei de cooperación ao desenvolvemento, pola que Galicia asume a responsabilidade de cooperar con outros países para propiciar o seu desenvolvemento integral.

Así mesmo, o I Plan Director da Cooperación Galega para 2006-2009, aprobado o pasado mes de abril na Cámara autonómica, destaca a necesidade de formar persoal especializado que contribúa ao fortalecemento do sistema galego de cooperación, establecendo un compromiso de incrementar as bolsas de cooperación internacional en países en vías de desenvolvemento.

Requisitos

Os aspirantes a estas oito bolsas deberán reunir unha serie de requisitos. Entre outros, o bolseiro deberá ter nacionalidade española ou dun Estado membro da Unión Europea, ser natural de Galicia ou ter a condición de residente ausente; non ter máis de 30 anos de idade, posuír un título universitario de grao medio ou superior, así como non ter transcorrido máis de catro anos dende a data da finalización dos estudos superiores.

Existen dúas modalidades de bolsa. Segundo o establecido, catro bolseiros permanecerán 12 meses no terreo, e recibirán unha contía de 18.000 euros cada un deles, mentres que os outros catro seleccionados repartirán o seu tempo entre a



actuación no terreo (un semestre) e o seu traballo incorporados á Dirección Xeral de Cooperación Exterior, en Santiago de Compostela. Neste caso, a bolsa conta cunha dotación económica de 15.600 euros.



A VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA POÑEN EN MARCHA UN PROGRAMA PIONEIRO DE INTERVENCIÓN SOBRE MENORES CON PROBLEMAS DE INTERACCIÓN SOCIAL

- ***O Consello da Xunta tamén autorizou un convenio entre a Vicepresidencia e o Ministerio de Asuntos Sociais para a realización de actuacións dentro do Plan do Voluntariado 2005-2009***

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Universidade da Coruña (UDC) para a realización do estudo de desenvolvemento dun programa de intervención dirixido a menores maltratados dos seus pais, o que se coñece como “síndrome do emperador”. A Xunta, a través da Secretaría Xeral do Benestar, achega 23.700 euros para a realización deste estudo que vai elaborar o Grupo de Investigación en Psicoloxía Xurídica e Protección do Menor da UDC, baixo a dirección de Miguel Clemente Díaz e Pablo Espinosa Brenn. Os traballos prácticos para a realización deste proxecto comezarán o 1 de outubro e prolongaranse ata decembro de 2007.

O menor con “síndrome do emperador” caracterízase, dende o punto de vista psicolóxico, por presentar un desenvolvemento moral non axeitado, menor do que lle correspondería pola súa idade, cunha elevada falta de perspectiva social e ausencia de desenvolvemento de habilidades empáticas (poñerse no sitio dos demais), o que acaba rematando en situacións de violencia e de malos tratos cara aos proxenitores.

Polo xeral, o perfil sociodemográfico destes nenos non se corresponde co máis habitual do menor en conflito social, senón que adoitan ser nenos e nenas pertencentes a clases acomodadas, cuxos pais dispoñen de pouco tempo para dedicarse aos fillos e que tratan de suplir esa carencia mediante unha excesiva permisividade. Ademais, é un problema que se rexistra maioritariamente en familias que viven en cidades ou en contornos metropolitanos, máis que no medio rural.

Experiencia pioneira

O programa que van deseñar conxuntamente a Xunta e a Universidade da Coruña consiste nunha intervención cos menores e coas familias no adestramento e no razoamento moral e nas habilidades sociais dos menores, co obxectivo de promover unha conduta prosocial e unhas habilidades educativas dentro das súas familias. Mediante o programa traballarase con 36 menores (e cos seus respectivos pais), que serán seleccionados polos equipos de menores da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia. Polo de agora, esta experiencia pioneira ponse en marcha unicamente nas provincias da Coruña e de Pontevedra, pero a previsión é poder estendelo posteriormente ás outras provincias.

A medida que se vaian desenvolvendo os traballos de intervención, iranse extraendo conclusións e ao final elaborárase un manual de traballo e de intervención rápida para



educadores. O obxectivo é que este programa pioneiro se acabe convertendo nun programa de uso habitual e permanente por parte dos equipos de menores das delegacións da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

Ámbitos de intervención

Os traballos de intervención centraranse en dous ámbitos diferentes: cos propios menores e cos pais. No caso dos proxenitores preténdese, por unha parte, reflexionar sobre o estilo educador que están aplicando e corraxir as posibles faltas, e por outra parte, no ensino de técnicas de control de estrés e outras de manexo adecuado de situacións difíciles. Con todo, unha das claves do programa é facer reflexionar aos proxenitores sobre o modelo educativo que os pais están aplicando hoxe en día cos seus fillos, inculcándolles que o máis apropiado é manter unhas normas claras, establecer uns límites determinados e explicar as causas de todas as decisións. En canto ao traballo cos menores, vánselles presentar situacións hipotéticas en grupos, tentando facerlles ver e ser conscientes da súa problemática.

Cómpre ter en conta que os nenos e nenas con “síndrome de emperador” son menores moi egocéntricos, moi centrados en si mesmos, que só comprenden o seu punto de vista e o que eles queren e non son capaces de ver que os demais tamén teñen criterios propios e necesidades. Estes menores non saben enfrontarse aos problemas, e polo tanto, acaban habitualmente resolvendo as situacións de forma antisocial, violenta e agresiva. Ao principio comezan aplicando a violencia só no eido familiar, pero logo derivan en estender esa actitude a outros ámbitos (amigos, rúa, escola, etc.).

As causas que explican esta problemática son moi diversas, pero como motivos fundamentais pódese falar de dous: un estilo educativo paterno deficitario (maioritariamente pasouse dun estilo totalmente autoritario no pasado a outro agora sen regra ningunha) e unha falta severa de interacción social por parte destes menores, ante o cambio dunha forma de socialización activa (na rúa, cos amigos, nas pandillas, etc.) a outra totalmente pasiva (mediante a TV e os videoxogos).

Tendencia á alza

Segundo os datos que manexa a Secretaría Xeral do Benestar, esta problemática mantén unha tendencia de aumento considerable, non só en Galicia, senón en toda España e en todas as sociedades occidentais. Na actualidade, en Galicia, 49 menores cumpren medidas xudiciais como autores de situacións de violencia no eido doméstico, cifras á alza todos os anos.

Con este programa preténdese intervir e ao mesmo tempo previr este tipo de situacións, ao tempo que se quere facer reflexionar a toda a sociedade sobre o modelo educativo que se aplica hoxe en día cos fillos e sobre o modelo xeral de sociedade na que vivimos.

Accións do Plan de Voluntariado

Por outra parte, o Goberno galego autorizou tamén a sinatura doutro convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e o Ministerio de Traballo para a realización de



actuacións encamiñadas ao desenvolvemento do Plan do Voluntariado 2005-2009. As dúas partes destinarán a este fin un total de 539.265 euros, sendo a contribución da Comunidade autónoma de 269.632 euros.

Esta partida irá dirixida á consolidación dos proxectos de acción voluntaria das entidades locais e das entidades non lucrativas inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria, así como á formación de voluntarios responsables de programas e xestores de entidades de voluntariado.



A XUNTA IMPULSA O PROXECTO PARA AMPLIAR O CENTRO DE ATENCIÓN ESPECIAL PARA PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL DE SADA

- ***O proxecto, promovido por ASPACE, prevé aumentar a área residencial pasando das 18 prazas actuais a 34***

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, aprobou a declaración de supramunicipalidade do proxecto sectorial de ampliación do centro de atención especial a persoas con parálise cerebral de Sada. Con esta declaración dáse un impulso definitivo a este proxecto que permitirá incrementar a capacidade das instalacións promovidas pola Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral, ASPACE, que contan cun centro residencial, un centro de día e un centro educativo.

O obxecto das obras, para as que a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar achega un total de 334.510 euros, é ampliar a área residencial do centro, pasando das 18 prazas coas que conta a día de hoxe, a 34. Isto implicaría tamén a ampliación do servizo de cociña e de comedor, tal e como se recolle no proxecto. Esta residencia acolle a persoas con graves deficiencias psicomotrices, ben en réxime permanente, de luns a venres, ou para casos de respiro familiar, emerxencia ou de urxente necesidade.

Tamén se pretende ampliar a área educativa, que ten capacidade para 64 prazas, co fin de pode facer unha separación por idades dos usuarios, xa que neste centro se atenden tanto nenos como persoas maiores de 65 anos.

O centro situado na parroquia sadense de Osedo, acolle nestes momentos 87 persoas, a maioría de concellos da provincia da Coruña, aínda que hai tamén usuarios de Lugo e Ourense.



A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA ACHEGA 300.000 EUROS AO ATENEO REPUBLICANO PARA A ADQUISICIÓN DUN INMOBLE NA CORUÑA

▪ *Acollerá a sede do arquivo histórico do ARGA, un dos máis importantes de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia e o Ateneo Republicano de Galicia (ARGA). Deste xeito, a Xunta concederá 300.000 euros ao ARGA para mercar un inmovible na cidade da Coruña. O local terá unha superficie aproximada de 200 metros cadrados e nel realizaranse actividades culturais e establecerase a sede do arquivo histórico do ARGA, o cal será de exposición permanente e pública.

O arquivo histórico do ARGA é un dos máis importantes que hai na nosa Comunidade Autónoma sobre o período republicano e, por iso, considérase primordial concederlle unha sede para a exposición permanente e pública deste material (libros, documentos, obras de arte, etcétera) coa finalidade de manter viva a memoria histórica. Tamén será un punto de encontro para a reflexión e o debate co obxectivo de promover valores e dereitos dos cidadáns.

O ARGA promove programas de investigación histórica e outras actividades como debates e presentacións de libros. Ademais, levou a cabo a creación dunha biblioteca que, actualmente, supera os 8.000 volumes.

Para facilitar o seguimento e o cumprimento do convenio, formárase unha comisión mixta paritaria, integrada polo secretario xeral e por un representante designado polo ARGA, ou persoas na súa substitución, e por un representante máis por cada unha das partes.

O convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o seu cumprimento, o cal non poderá exceder do 31 de decembro de 2006.



POLÍTICA TERRITORIAL INVESTIRÁ 13'4 MILLÓNS DE EUROS NA CONSTRUCCIÓN DO AUDITORIO DE LUGO

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes destinará un total de 13.407.000 euros ás obras de construción do Centro Cultural – Auditorio no edificio do Cuartel de San Fernando, na cidade de Lugo.

Así se recolle na addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e o Concello de Lugo, autorizada hoxe polo Consello da Xunta e que proximamente asinarán a conselleira, María José Caride, e mais o alcalde, Xosé Clemente López Orozco.

Esta addenda modifica o convenio inicial, dado que agora se incrementan as achegas da CPTOPT, para adecualas ás necesidades do proxecto técnico, e se establecen unhas anualidades axustadas aos tempos previstos para a execución das obras.

Segundo se recolle no texto, no proceso de redacción do proxecto técnico producíronse atrasos derivados da complexidade da actuación e de novas necesidades, o que supuxo un incremento do custo. Por este motivo era preciso modificar o acordo vixente, adaptándoo aos prazos de execución que establece o proxecto, e incrementar a dotación orzamentaria.

Neste senso, os 13'4 millóns de euros de orzamento distribúense fundamentalmente en catro anualidades. Concretamente, destínase 1 millón para este ano, 3'68 millóns en 2007, 4'65 en 2008, e 4 millóns en 2009, engadíndose outros 84.282 euros achegados en 2004.



A XUNTA INVESTIRÁ 3 MILLÓNS DE EUROS NO ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA OU-411, NO TRAMO ENTRE BANDE E A PONTE SOBRE O RÍO DEVA

- ***As obras permitirán, entre outras melloras, eliminar as deformacións lonxitudinais e transversais***

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes vai investir un total de 3.066.000 euros nas obras de acondicionamento da estrada OU-411 (Bande – O Condado), no tramo comprendido entre Bande e a ponte sobre o río Deva.

O gasto executarase en dúas anualidades, concretamente, 919.800 euros no presente exercicio e os 2.146.200 euros restantes en 2007.

Este investimento, aprobado hoxe polo Consello da Xunta, permitirá mellorar as condicións do devandito tramo de 21'170 quilómetros, que atravesa os concellos ourensáns de Bande, Vereá e Quintela de Leirado.

As obras que se van acometer permitirán, entre outras melloras, eliminar as deformacións tanto lonxitudinais como transversais que presenta esta estrada, así como renovar o firme da ponte sobre o río Deva, actualmente moi degradado por mor da súa antigüidade.

Esta actuación en materia de infraestruturas viarias, beneficiará directamente aos algo máis de 6.900 habitantes dos concellos de Bande, Vereá, Quintela de Leirado e Padrenda.

O tramo de estrada que se vai reformar comprende tres treitos diferenciados. O primeiro deles, de 10'5 quilómetros, discorre polo concello de Bande atravesando os Regos de Bande, do Castro, da Picota e Toleiro, todos eles afluentes do río Cados, así como o Rego do Cexo. Trátase dun treito en continuo ascenso ata chegar ao Alto do Outeiro, situado a 1.040 metros de altitude.

O segundo treito, que abrangue entre os puntos quilométricos 10'600 e 18'600, atravesa o municipio de Vereá e caracterízase por ter unha pendente máis elevada e curvas de pequeno raio, discorrendo a media ladeira en case a súa totalidade, polo que presenta importantes muros de contención.

O último treito, de carácter descendente, vai do punto quilométrico 18'600 ata o 21'170, por onde discorre o río Deva e que constitúe a cota máis baixa de todo o percorrido, concretamente 500 metros de altitude sobre o nivel do mar.



POLÍTICA TERRITORIAL INVESTIRÁ 230.000 EUROS NA CONSTRUCCIÓN DUNHA ÁREA DE ESTACIONAMENTO DE AUTOBUSES EN PEDRAFITA DO CEBREIRO

- ***Unha vez rematadas as obras, o concello será o encargado da explotación e mantemento desta infraestrutura***

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá 230.000 euros na construción dunha área de estacionamento de autobuses no concello de Pedrafita do Cebreiro.

Así se recolle no convenio de colaboración aprobado hoxe polo Consello da Xunta e que, proximamente, asinarán a conselleira, María José Caride, e máis o alcalde, Xosé Luis Raposo.

O investimento efectuarase en dúas anualidades, concretamente, 140.000 euros no presente ano e os 90.000 euros restantes en 2007.

Política Territorial encargárase da elaboración, supervisión e aprobación do proxecto de construción, ademais da adxudicación, dirección e recepción das obras de referencia, así como todas as actuacións relativas a súa tramitación e contratación.

O concello, pola súa parte, comprometerase a poñer á disposición da consellería os terreos necesarios e os correspondentes permisos e autorizacións precisos para levar a cabo as ditas obras. Unha vez rematadas, asumirá a explotación, mantemento e conservación esta área de estacionamento.

A construción de áreas de estacionamento de autobuses constitúe unha opción válida para mellorar a calidade do transporte público de viaxeiros en entidades de poboación, nas cales ou non está xustificada a construción dunha estación ou a área de estacionamento resulta máis conveniente para o servizo público ao permitir unha mellor integración urbanística.

A través deste tipo de infraestruturas, a Administración pública pretende compaxinar, cun maior grao de eficacia, a adecuada prestación e garantía do funcionamento do servizo público de transportes de viaxeiros coa satisfacción das necesidades dos usuarios, de tal forma, que se consegue unha maior eficiencia na utilización dos recursos sociais.



O GOBERNO GALEGO REITERA O SEU COMPROMISO COA EDUCACIÓN APOSTANDO POR UNHA FUNCIÓN DOCENTE REVALORIZADA

- ***O Consello da Xunta validou os dous acordos asinados entre Educación e as organizacións sindicais sobre o incremento salarial dos docentes funcionarios e as melloras laborais do profesorado interino e substituto***

O Consello da Xunta validou esta mañá os acordos asinados no seu día entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e varias organizacións sindicais sobre o incremento das retribucións do persoal docente (mentres e profesores de secundaria) e a mellora das condicións laborais do profesorado substituto e interino.

O primeiro dos acordos, ratificado en maio deste ano entre Educación e CIG, CC.OO, FETE-UGT, ANPE, CSI-CSIF e STEG, afecta a 32.000 docentes, entre funcionarios de carreira e persoal interino e substituto, e supón un incremento de 150 euros mensuais e de 1.800 euros anuais para todo o persoal docente que imparte ensinanzas distintas das universitarias. Unha vez consolidada a revisión das retribucións, en 2009, suporá un incremento do 6,95% con independencia das subas anuais do IPC.

Segundo o acordo, a suba salarial dos docentes producirase progresivamente, en tres tramos, de xeito que en xaneiro de 2007, o incremento mensual será de 45 euros; en 2008, de 50 euros; e en 2009, de 55 euros. Os incrementos anuais serán de 540 euros en 2007; 600 euros en 2008; e 660 en 2009 euros.

Con este acordo homológanse as retribucións dos funcionarios docentes galegos coas retribucións do persoal docente das restantes comunidades autónomas, situándose nunha posición relativa media alta ao nivel do Estado, cando na actualidade ocupa a última posición entre as autonomías.

A addenda asinada neste mes de xullo entre a Administración educativa e CC.OO, ANPE e CSI-CSIF establece que a partir do vindeiro curso, os interinos comezarán a percibir os meses de xullo e agosto sempre que traballasen polo menos cinco meses e medio durante o ano académico. O acordo introduce distintas melloras que beneficiarán un colectivo integrado por 5.000 docentes.

Neste sentido, a addenda recolle tamén o compromiso expreso de reducir a precariedade no emprego na función pública docente galega, establecéndose o obxectivo de que o número de interinos que imparten docencia distinta da universitaria sexa arredor do cinco por cento dos cadros de persoal. Neste momento o número de interinos é de arredor do 11 por cento.

Loita contra o fracaso escolar

Por outra banda, o Consello da Xunta autorizou o gasto derivado dos servizos extraordinarios prestado polo profesorado coa posta en marcha do Programa de



orientación e acompañamento escolar (PROA) en 40 centros galegos no curso 2005-2006. A Administración educativa destina 161.620 euros ao pagamento da colaboración prestada por máis de 100 docentes dos centros seleccionados. No programa PROA participan o Ministerio de Educación e Ciencia (MEC) e a Comunidade galega e ten como finalidade diminuír o fracaso escolar e atender á diversidade.

O vindeiro curso 2006-2007 este programa estenderase a 36 centros máis polo que se desenvolverá en 76 centros galegos. Tanto o MEC como a Consellería de Educación investirán máis de 2 millóns de euros, destinando cada un deles 1.019.100 euros.



O MUSEO PEDAGÓXICO DE GALICIA CONVOCARÁ CINCO BOLSAS ANUAIS DE FORMACIÓN GRAZAS A UN CONVENIO COA FUNDACIÓN FEUGA

- ***As axudas están destinadas a titulados universitarios sen experiencia profesional previa***
- ***Os bolseiros percibirán 900 euros mensuais por labores de catalogación de fondos e realización de proxectos educativos***

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria destinará un total de 134.239,20 euros á concesión de ata un máximo de cinco bolsas por ano, para o desenvolvemento de actividades de formación no Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA), grazas a un convenio de colaboración coa Fundación Empresa Universidade Galega (FEUGA). O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura deste acordo.

As bolsas terán unha duración máxima de 12 meses, e dirixiranse a titulados universitarios, para o desenvolvemento das actividades propias da súa bolsa de formación no MUPEGA. Estas axudas outorgaranse nos exercicios do 2006, 2007 e 2008. No ano 2007 desembolsaranse 16.791,15 euros, mentres que no 2008 se achegarán 50.373,45. Cada alumno percibirá 900 euros ao mes, mentres que outros 140 ao mes se destinarán a compensar os gastos de seguimento de cada bolseiro. A través deste acordo de colaboración, os bolseiros poderán recibir unha formación práctica en materia de catalogación de fondos mobles e bibliográficos, así como na realización de proxectos educativos.

Os titulados que desexen optar a estas bolsas deberán estar inscritos no Servizo Galego de Colocación, ser menores de 30 anos, ser licenciados, diplomados ou doutorados por unha das tres universidades galegas e ter finalizado os estudos nos tres anos previos. Ademais, non poderán ter gozado doutra bolsa FEUGA e desempeñado en ningún momento traballo profesional relacionado coa súa titulación, baixo ningunha modalidade de contratación. A titulación e demais requisitos necesarios para obtención da bolsa irán en función da área de formación na cal se integrará o bolseiro e das dispoñibilidades do MUPEGA.

FEUGA é unha entidade de interese universitario sen finalidade lucrativa, fundada polas tres universidades galegas e entidades públicas e privadas, agrupacións, cámaras de comercio e confederacións empresariais. Os seus fins diríxense ao desenvolvemento da economía e da sociedade de Galicia e as súas actividades oriéntanse ao fomento das relacións empresa-universidade co fin de incrementar os niveis de formación e o desenvolvemento tecnolóxico.



EDUCACIÓN REDUCE DÚAS UNIDADES CONCERTADAS EN ENSINANZAS DE RÉXIME XERAL E INCREMENTA NOVE EN EDUCACIÓN ESPECIAL PARA PROPORCIONAR UNHA MELLOR ATENCIÓN A ESTE ALUMNADO

- ***A Administración educativa reduce en preto de medio millón de euros o investimento destinado a concertos en educación primaria, ESO e formación profesional***
- ***Os concertos educativos terán unha vixencia de tres cursos***

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a modificación do compromiso plurianual que se deriva da orde de 2005 pola que se modifican os concertos educativos cos centros docentes privados de educación primaria, educación secundaria obrigatoria (ESO), educación especial, programas de garantía social, e ciclos formativos de grao medio e ciclos formativos de grao superior.

Segundo o acordo aprobado hoxe polo Goberno galego que afecta o período setembro de 2006 ata agosto de 2009, a Administración educativa reduce unidades concertadas en educación primaria, ESO e formación profesional e incrementáanse en educación especial para proporcionar unha maior atención ao alumnado con necesidades educativas especiais.

Deste xeito, a Administración educativa reduce o investimento previsto para estes concertos e en virtude da redución das unidades concertadas en varias etapas educativas en 434.955,12 euros ata agosto de 2009. Pola contra, incrementa o orzamento dedicado aos concertos en educación especial en máis de 1,5 millóns de euros. En liñas xerais, a Consellería de Educación reduce en dúas as unidades concertadas en ensinanzas de réxime xeral e incrementa en nove as de educación especial.

Esta modificación prodúcese ao abeiro da Orde do 10 de xaneiro de 2005, na cal se ditaron as normas de aplicación a partir do curso académico 2005-2006 do réxime de concertos educativos. Esta modificación terá unha vixencia de tres anos.



INNOVACIÓN E INDUSTRIA DESTINARÁ MÁIS DE 13 MILLÓNS DE EUROS A DIVERSAS ACCIÓNS DE FORMACIÓN DE INVESTIGADORES NA CONVOCATORIA DESTE ANO

- *O Consello da Xunta aprobou a orde pola que se convocan estas axudas, correspondentes ao Programa de recursos humanos do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica*
- *A principal novidade da convocatoria é a transformación das bolsas de investigación en contratos, unha decisión que se enmarca na liña do novo Plan Galego de I+D+i, en trámite de aprobación, para acabar coa precariedade laboral dos investigadores*
- *O Programa de recursos humanos é unha das prioridades do novo Plan Galego de I+D+i para o quinquenio 2006-2010 e contará cun orzamento que ascende a 176 millóns de euros para este período*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a orde da Consellería de Innovación e Industria pola que se convocan as axudas correspondentes a diversas accións de formación de investigadores, do Programa de recursos humanos do Plan Galego de I+D+i (2002-2005). En virtude desta orde, Innovación e Industria destinará máis de 13 millóns de euros (concretamente, 13.244.780 euros) á convocatoria de diversas accións formativas. Trátase da derradeira convocatoria do Programa de recursos humanos do Plan Galego de I+D+i 2002-2005, xa que o novo Plan, con vixencia ata o ano 2010, está en trámite de aprobación. A convocatoria presenta, xa que logo, a incorporación de novos criterios na lóxica do novo plan.

Neste senso, a novidade máis destacada da orde é a transformación das bolsas de predoutoramento en contratos, unha decisión motivada pola política que vai seguir o Goberno galego en materia de I+D+i e que ten por obxectivo fundamental acabar coa precariedade laboral dos investigadores, e a ampliación destes contratos a centros privados de investigación. As axudas destinaranse á convocatoria de seis accións formativas: o Programa María Barbeito de axudas a contratos de predoutoramentos de formación de doutores para a súa incorporación a organismos públicos e privados de investigación de Galicia, que contará cun orzamento de máis de tres millóns de euros (3.270.400 euros); o Programa Isidro Parga Pondal nas súas dúas modalidades: Novas adjudicacións –axudas para a contratación de doutores en organismos públicos e privados de investigación de Galicia-, que recibirá preto de catro millóns de euros (3.884.000 euros) e as prórrogas da convocatoria do ano 2004, para o que se destinan preto de tres millóns de euros (2.790.000 euros). Ademais, a orde prevé outorgar un millón de euros ás axudas para realizar estadias fóra de Galicia.

Por último, contempla a transformación en contratos das prórrogas das bolsas de predoutoramento de formación de doutores en organismos públicos de investigación de Galicia, con dúas modalidades: a primeira prórroga, dotada cun orzamento de máis dun millón e medio de euros (1.635.200 euros), para as bolsas de predoutoramento concedidas no ano 2005; e a segunda prórroga destas bolsas, dotada con máis de 700



mil euros (705.180 euros), para a segunda prórroga das axudas correspondentes á convocatoria do ano 2004. En total, máis de dous millóns de euros (2.340.380 euros).

Programas María Barbeito e Isidro Parga Pondal

O obxectivo do Programa María Barbeito é o de outorgar axudas ás entidades que desenvolvan actividades de investigación ou innovación tecnolóxica radicadas en Galicia, para proxectos de investigación que fomenten a contratación de titulados superiores de predoutoramento co obxectivo de formar doutores, tanto no ámbito público como no privado. Este programa contará cun orzamento de máis de tres millóns de euros (3.270.400 euros), que se dedicará a apoiar a formación en investigación básica e aplicada daqueles titulados superiores universitarios que desexen realizar a súa tese de doutoramento nun centro de investigación radicado en Galicia.

O orzamento que se destina ao Programa Isidro Parga Pondal supera os seis millóns e medio de euros (6.634.000 euros), para financiar dúas modalidades de axudas: as novas adjudicacións, correspondentes ao ano 2006 para a contratación de mozos doutores de cara á súa incorporación en organismos públicos e privados de investigación de Galicia, para o que conta cun orzamento que supera os tres millóns e medio de euros (3.844.000 euros); e as prórrogas das axudas concedidas para a contratación de doutores no ano 2004, que recibirán preto de tres millóns de euros (2.790.000 euros). A principal novidade deste programa é a súa apertura aos centros privados de investigación de Galicia.

Estadías en centros situados fóra de Galicia

As bolsas para estadías no estranxeiro e en centros españois situados fóra de Galicia teñen como finalidade favorecer a actualización de coñecementos, a adquisición de novas técnicas de investigación e completar a formación dos nosos investigadores. Estas bolsas contarán cun orzamento dun millón de euros e contemplan tres modalidades: estadías de ata seis meses de duración para funcionarios e contratados doutores cunha antigüidade mínima como doutores de tres anos; estadías de postdoutoramento de ata 12 meses de duración, para doutores recentes dos últimos tres anos e para o persoal investigador contratado a través dos Programas Isidro Parga Pondal, Ramón y Cajal ou asimilables e, a terceira, para estadías de ata tres meses de duración para persoal investigador en formación do Programa María Barbeito ou das antigas bolsas de predoutoramento das convocatorias da Dirección Xeral de I+D+i.

O Programa de recursos humanos é unha das prioridades do novo Plan Galego de I+D+i para o quinquenio 2006-2010, e que actualmente se atopa en trámite de aprobación (recentemente, o documento foi aprobado pola Comisión Interdepartamental de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia –Cicetga-, e o seguinte paso será a súa elevación ao Consello da Xunta). Unha das prioridades do texto é o Programa de recursos humanos, que xorde co obxectivo de definir unha carreira científica que posibilita a formación e a consolidación dos investigadores e lles permita a integración estable dentro do Sistema Galego de I+D+i. Contará cun orzamento que ascende a un total de 176 millóns de euros para os próximos cinco anos.



A XUNTA ACHEGA PRETO DE NOVE MILLÓNS DE EUROS PARA EQUIPAR O “FINIS TERRAE”, O SUPERCOMPUTADOR DE MAIOR MEMORIA COMPARTIDA DE EUROPA

- ***Esta achega cofinanciará a creación do centro de excelencia en supercomputación CESGA***
- ***A Consellería de Innovación e Industria, CSIC e CESGA asinarán un convenio de colaboración para selar este compromiso financeiro***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria, o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e a Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (CESGA) para cofinanciar o equipamento do ‘Finis Terrae’, o supercomputador de maior memoria compartida de Europa que se instalará no Cesga a mediados do vindeiro ano 2007. Os custos repercutidos para a adquisición e a posta en funcionamento do equipamento e do centro de excelencia superan os 19 millóns de euros (concretamente, 19.450.010 euros), que se repartirán entre os tres organismos asinantes do texto.

Así, e en virtude do citado convenio de colaboración, a Consellería de Innovación e Industria comprométese a achegar preto de nove millóns de euros (8.940.522 euros) para esta finalidade, e o CSIC achegará outro tanto. En ambos os dous casos, o orzamento divídese en dous conceptos: preto de sete millóns de euros (6.755.017 euros) dedicaranse ao investimento en equipos e infraestruturas e os máis de dous millóns de euros restantes (2.185.505 euros) dedicaranse ao gasto operativo e ao mantemento do supercomputador ata o ano 2011. O CESGA, pola súa banda, aplicará a totalidade da subvención FEDER que lle foi concedida e que supera o millón e medio de euros (1.568.966 euros). O valor do equipamento ascende a máis de 61 millóns de euros, e os fabricantes HP e Intel achegarán o cofinanciamento complementario.

Un referente mundial do cálculo científico e técnico, en Galicia

‘Finis Terrae’, o maior supercomputador de memoria compartida de Europa, instalarase no CESGA a mediados do vindeiro ano 2007, en virtude do convenio de colaboración asinado a comezos de ano entre o CESGA, HP e Intel. Con esta iniciativa, Galicia poderá facer fronte aos grandes desafíos da investigación, xa que achegará unha potencia de cálculo e almacenaxe capaz de dar resposta ás necesidades informáticas dos máis ambiciosos retos científicos.

‘Finis Terrae’ converterase, xa que logo, nun referente mundial do cálculo científico e técnico, e favorecerá as iniciativas da e-Ciencia non só para o Estado español, senón tamén para toda Europa, xa que posibilitará estreitar as colaboracións xa existentes con grandes grupos de investigación no exterior. O supercomputador posibilitará tamén reducir os tempos de execución das aplicacións actuais, e acometer traballos que hoxe en día serían dificilmente abordables nos superordenadores españois.



INNOVACIÓN E INDUSTRIA ACHEGARÁ 560.000 EUROS Á FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO PARA A REALIZACIÓN DE DISTINTAS ACTUACIÓNS DE FOMENTO DO COMERCIO RETALLISTA

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Federación Galega de Comercio para a realización de diversas actuacións de fomento do comercio retalista. En concreto, a consellería achegará 560.000 euros dos 700.000 euros de orzamento total para o desenvolvemento de distintas actividades de información e promoción no sector.

A primeira destas actividades é a campaña promocional denominada “Gran Quincena do Comercio Galego”, que se levará a cabo no mes de novembro co gallo de fomentar o consumo durante a época transitoria entre as campañas de Volta ao Colexio e do Nadal, incentivando a merca no pequeno comercio galego. Esta actuación, que contará cun orzamento de 350.000 euros, incluírá a edición de distintos materiais promocionais, a distribución destes materiais, presentacións sectoriais da campaña por todo o país e insercións publicitarias en medios de comunicación.

Innovación e Industria tamén financiará a elaboración e difusión dun Cd interactivo que sirva como ferramenta formativa aos negocios comerciais xa existentes e para a posta en marcha de novas empresas dentro do sector do pequeno comercio, formando aos comerciantes nun elemento comercial tan vital para a atracción dos consumidores como é o escaparatismo. Esta actuación terá un orzamento de 190.000 euros e ten como obxectivo ofertar ás pemes galegas do sector un achegamento das técnicas vixentes no deseño e mantemento dos escaparates dos seus negocios, técnicas enmarcadas dentro da familia profesional de accións de formación en técnicas de venda.

Por último, a Federación Galega de Comercio organizará na segunda quincena de outubro o “V Congreso do Comercio Galego”, ao que estarán convocados as asociacións de comercio locais e sectoriais das catro provincias galegas e representantes sectoriais doutras comunidades autónomas. O congreso afondará e propiciará o debate e o intercambio de experiencias sobre cuestións de actualidade no sector tales como horarios comerciais, medidas de apoio dende as distintas administracións ou novas fórmulas de cooperación comercial.



MEDIO RURAL ASINA TRES CONVENIOS MÁIS PARA A CONTRATACIÓN DE OBRAS DO PROGRAMA ESTRATÉXICO DE INFRAESTRUTURAS

O Consello da Xunta autorizou a Consellería do Medio Rural a asinar novos convenios para a realización de obras de infraestruturas rurais no marco do Programa estratéxico de infraestruturas no medio rural, cun orzamento previsto nesta décimo quinta quenda de 435. 816 euros distribuídos en dúas anualidades.

Nesta fase, executaranse as obras previa sinatura dos convenios nos concellos de Ares, A Mezquita e Pontearreas.

Estes tres concellos correspondentes á décimo quinta quenda súmanse aos 211 incluídos nos anteriores consellos da Xunta. Nas vindeiras semanas proseguirase co proceso de contratación de obras nos restantes municipios galegos, ata completar os 40 millóns de euros previstos no PEIM correspondentes ás anualidades 2006-2007.

A Consellería do Medio Rural, co obxecto de racionalizar os investimentos en obras de infraestruturas no medio rural, elaborou as directrices para un plan de investimentos a realizar en distintos concellos de Galicia denominado Programa estratéxico de infraestruturas no medio rural (PEIM), que se desenvolverá de acordo cuns criterios básicos entre os que se sinalan proxectos que teñan que ver coa dinamización da base produtiva, co obxectivo de dignificar e de mellorar a calidade de vida da poboación que reside nestas zonas e de contribuír a fixar poboación.

Contemplanse tamén proxectos de obras de infraestruturas de servizos básicos elementais, como abastecementos de auga domiciliaria, saneamentos, camiños agrícolas e pistas rurais, así como aqueles proxectos singulares que, pola súa natureza, entren nas competencias da Consellería do Medio Rural.

A estrutura formal do convenio contén os títulos de competencias que xustifican a actuación, mecanismos de coordinación entre as partes, réxime de financiamento, e mecanismo de seguimento da execución do convenio.



MEDIO RURAL COLABORARÁ CON MÁIS DUN MILLÓN DE EUROS NA MODERNIZACIÓN DOS REGADÍOS DA TERRA CHÁ

- ***A Consellaría do Medio Rural asinará un convenio de colaboración coa empresa pública SEIASA do Norte e a Comunidade de Regantes Río Miño-Pequeno para levar a cabo estas actuacións na zona do Arneiro, nos concellos de Cospeito e Castro de Rei***
- ***Estas obras de mellora contan cun orzamento global de 4,6 millóns de euros e comezarán a executarse este mesmo ano. O obxectivo é aumentar a produción agraria na zona en máis da metade e reducir os custos de produción a través da diminución das horas de rega desde as 72 actuais ata 54***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellaría do Medio Rural, a empresa pública SEIASA do Norte e a Comunidade de Regantes *Río Miño-Pequeno* para materializar a mellora das infraestruturas de regadío na zona do Arneiro, na provincia de Lugo. Unha vez executadas as obras, a comunidade de regantes, formada por 67 agricultores e gandeiros dos concellos de Cospeito e Castro de Rei, poderá beneficiarse da modernización da rede de rega que se vai acometer nesta zona ata o ano 2008. No convenio establécese a fórmula de financiamento dos 4.652.950 de euros que custará en total a execución destas obras, distribuídos en tres anualidades. O 46% desta partida (2,14 millóns de euros) será sufragado pola empresa pública estatal, o 24% (1,16 millóns) corresponde a fondos europeos, o 22% (1,02 millóns) executarase con cargo á Consellaría do Medio Rural e o 8% restante (372.236 euros) será achegado pola propia comunidade de regantes. A achega da de Medio Rural foi autorizada hoxe polo Consello da Xunta e permitirá iniciar as actuacións este mesmo ano.

Obxecto do convenio

O Plan de Mellora das Infraestruturas de Regadío no Arneiro afectará a un total de 780 hectáreas de superficie agraria, maiormente dedicada ao cultivo de millo forraxeiro e a pradeira. Ademais do beneficio directo que suporá para os propietarios dos predios, propiciando un aproveitamento máis racional dos recursos e unha redución dos custos de produción para as explotacións agrogandeiras da zona, a obra suporá unha mellora para os 12.250 habitantes que viven no ámbito de actuación do Arneiro. Coa introdución do sistema de rega por aspersión está previsto que a media anual de horas de rega por hectárea quede reducida desde as 72 actuais ata 54, co conseguinte aforro de auga e doutros recursos. Ademais, estímase que a capacidade de produción da superficie agraria aumentará en máis da metade con respecto aos niveis actuais, pasando dos 25.000 quilos de pradeira por hectárea aos 60.000 previstos para cando finalice a actuación. Do mesmo xeito, o cultivo de millo verase incrementado dende o seu valor actual de 40.000 quilos por hectárea ata os 75.000 quilos.

O aforro afectará, polo tanto, diversos conceptos:

- en canto ao consumo medio de auga estímase que pasará dos 7.500 metros cúbicos por hectárea e ano aos 5.000.



- no que respecta ao gasto enerxético prevese que descenda desde os 200 euros por hectárea e ano aos 90.
- e en relación co consumo medio de fertilizantes espérase que baixe desde os 270 euros por hectárea e ano aos 216.

As obras, que comezarán este ano, consistirán, fundamentalmente, no establecemento das unidades de rega; no estudo, colocación e mellora das tomas, así como na posta en marcha da impulsión directa. A modernización concretarase, sobre todo, na introdución do sistema de aspersión á demanda, mediante control automatizado e terá unha capacidade de rega de 20 horas diarias e de 26 días durante os meses punta.



O CONSELLO DA XUNTA ARTICULARÁ CONVENIOS COAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS GALEGAS POR VALOR DE CINCO MILLÓNS DE EUROS

O Consello da Xunta de hoxe aprobou hoxe a sinatura dos convenios que a Dirección Xeral para o Deporte vai asinar con dez federacións deportivas galegas (atletismo, natación, piragüismo, fútbol, baloncesto, fútbol sala, tenis, remo, ciclismo e vela) por valor de 5.288.165 euros.

A Consellería de Cultura e Deporte propúxose como obxectivo fundamental a equidade na distribución do diñeiro público e, polo tanto, o control das subvencións. Respondendo a este principio, deseñouse un modelo encamiñado a eliminar as discrecionalidades que estableza unha nova relación entre a Xunta de Galicia e o mundo deportivo baseada na transparencia das súas accións que atinxe dunha maneira moi especial ás federacións deportivas.

Ata o momento, os gobernos anteriores realizaban unha repartición opaca e discrecional dos fondos que non redundaron nin nunha maior práctica deportiva da sociedade galega nin na creación dunha rede integrada de escolas e infraestruturas deportivas, nin tampouco nunha maior presenza internacional do deporte galego de competición. O novo programa de apoio e colaboración coas federacións deportivas para o ano 2006 artículase a través de convenios individualizados con cada federación, adaptándose ás súas peculiaridades deportivas, aos seus calendarios e ás súas necesidades anuais de financiamento.

Na páxina seguinte detállanse os montantes de cada convenio:



Federación deportiva	Importe
ATLETISMO	292.067,43 euros
PIRAGÜISMO	258.558,06 euros
NATACIÓN	165.495,36 euros
BALONCESTO	194.489,97 euros
FÚTBOL SALA	158.056 euros
VELA	212.500 euros
TENIS	181.500 euros
FÚTBOL	341.500 euros
REMO	178.500 euros
CICLISMO	232.000 euros
TOTAL	5.288.165 euros



A CONSELLERÍA DE CULTURA ACHEGARÁ MÁIS DE 200.000 EUROS PARA A RECUPERACIÓN DA PONTE DA VEIGA DE TUI

- ***O Consello da Xunta aprobou a subscripción do convenio de colaboración co Concello de Tui para o comezo das obras***

O Consello da Xunta aprobou esta mañá a sinatura dun convenio entre a Consellería de Cultura e Deporte e o Concello de Tui, en virtude do cal Cultura investirá 206.496 euros (en dúas anualidades, 2006 e 2007) na realización das obras de reparación e consolidación da Ponte da Veiga.

Ao abeiro deste convenio, a Xunta financiará as obras nesta ponte, datada nos séculos XIV e XV, mentres que o concello se compromete a autorizar as anteditas obras e a autorizar a plena e libre dispoñibilidade do monumento, libre de cargas e gravames de todo tipo.



A CONSELLEIRA DE SANIDADE REPRESENTARÁ A GALICIA NO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA FUNDACIÓN ESPAÑA-SAÚDE

- *Esta entidade, sen ánimo de lucro, constitúese para facilitar a prestación de atención sanitaria médico-cirúrxica e farmacéutica aos emigrantes españois*
- *Ademais da Xunta de Galicia, que achega máis de 500.000 euros, participan nesta Fundación o Ministerio de Traballo español e os Gobernos de Canarias e de Asturias*

O Consello da Xunta de Galicia acordou hoxe designar a conselleira de Sanidade, María José Rubio Vidal, representante da Xunta de Galicia no Consello de Administración da Fundación España-Saúde constituída en Caracas o pasado 20 de marzo deste ano.

Esta fundación é unha entidade sen ánimo de lucro que ten personalidade xurídica propia e plena capacidade para adquirir dereitos e contraer obrigas que teñan relación directa ou indirecta co obxecto fundacional.

A devandita fundación ten carácter social e pretende facilitar a prestación de atención sanitaria médico-cirúrxica e farmacéutica aos emigrantes españois beneficiarios de pensión do sistema español de protección social e de axudas por incapacidade, sen prexuízo de que a súa acción se estenda a todos os membros da colectividade española.

Para rexer esta entidade, constituirase un Consello de Administración no cal o Goberno galego ten un asento. O Consello da Xunta acordou hoxe que a titular de Sanidade represente a Galicia neste Consello.

A achega económica de Galicia a esta fundación será sufragada a partes iguais pola Consellería de Sanidade e a Secretaría Xeral de Emigración. Esta achega do Goberno galego, condicionada ao número de beneficiarios destas prestacións, será dun mínimo de 500.000 euros.

Integran este Consello de Administración o embaixador ou embaixadora de España en Venezuela, como presidente de honra; o conselleiro/a de Traballo e Asuntos Sociais da Embaixada; o presidente/a da Cámara de Comercio Hispano-Venezolana; o presidente ou presidenta do Consello de Residentes Españois; o presidente/a da Federación de Centros Españois, cadanseu representante de Galicia, Canarias e Asturias; o presidente ou presidenta dos centros de españois que teñan máis de mil socios titulares españois; tres representantes dos centros españois con menos de mil socios; dous representantes das fundacións e asociacións de españois con fins de carácter social; dous representantes das empresas españolas asentadas en Venezuela; un membro da Federación de Entidades Canarias no Exterior e un ou unha representante da Asociación de Empresarios Galegos en Venezuela. Os membros do Consello de Administración designarán un Comité Executivo.





O CONSELLO DA XUNTA APROBA A ADQUISICIÓN DO CONXUNTO DE VACINAS PARA O PERÍODO 2006-2008 POR IMPORTE DE MÁIS DE 15 MILLÓNS DE EUROS

- ***Sanidade introduce a vacina hexavalente no calendario infantil***
- ***No Programa galego de vacinacións recóllense tanto as vacinas do calendario sistemático infantil como os produtos inmunobiolóxicos dirixidos aos adultos***

O Consello da Xunta de hoxe autorizou a Consellería de Sanidade para a adquisición de vacinas para o período 2006/2008, dentro do seu Programa galego de vacinacións, por un importe total de 15.090.200 euros, que se adjudicará mediante a forma de concurso polo procedemento aberto. No último trimestre deste ano, introducirase a vacina hexavalente, que reduce o número de picadas aos nenos.

O Programa galego de vacinacións constitúe unha das liñas de traballo de máis longa historia da Dirección Xeral de Saúde Pública e conta cun amplo consenso respecto á súa efectividade e eficiencia.

Neste programa recóllense tanto as vacinas do calendario sistemático infantil como os produtos inmunobiolóxicos dirixidos aos adultos, sendo responsabilidade da Dirección Xeral de Saúde Pública, do departamento que dirixe María José Rubio Vidal o abastecemento correcto e mantido de todos os puntos de vacinación, de xeito que non se altere a dinámica de traballo cotiá dos centros asistenciais.

Entre estas vacinas que se mercan neste novo lote está, por vez primeira, a hexavalente, posto que a Consellería de Sanidade tomou recentemente a decisión técnica, coa aprobación da Comisión Asesora de Enfermidades Inmunoprevibles da nosa Comunidade, da introdución desta vacina no calendario infantil.

A vacina hexavalente reduce o número de picadas, o que implica unha maior aceptación da secuencia de vacinacións por parte das nais e pais galegos, ademais de facilitar o labor dos profesionais sanitarios implicados na actividade vacinal.

Esta vacina protexe contra a difteria, o tétano, a toseferina, a poliomielite, a hepatite B e o *Haemophilus influenzae* B.



O CONSELLO DA XUNTA DÁ O SEU VISTO E PRACE ÁS LOCALIZACIÓNS ALTERNATIVAS AO PROXECTO DE PESCANOVA EN TOURIÑÁN

- ***Por outra banda, o Goberno galego deu os primeiros pasos para a aprobación do proxecto dun criadoiro de orella de mar que estará localizado no Concello de Muros***

Tras as conversas mantidas durante os últimos meses coa empresa Pescanova para acadar localizacións alternativas a Touriñán, o Goberno galego aprobou hoxe o proxecto sectorial para a ampliación da granxa mariña de peixes planos en Praia de Lago, tendo esta aprobación por obxecto ordenar e regular a ampliación territorial desta planta cun investimento previsto de 17 millóns de euros.

O ámbito territorial deste proxecto, que ten informes favorables da súa declaración como de incidencia supramunicipal por parte da Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, abarca unha superficie de 35.967 metros cadrados.

Por outra banda, outro dos proxectos presentados por Pescanova localízase en Penedo do Corvo, en Piñeira, no concello de Ribadeo e ten por obxecto ordenar e regular a implantación dunha granxa mariña de peixes planos, cun investimento previsto de 42.521.879 euros. O ámbito territorial deste proxecto abarca unha superficie de 270.706 metros cadrados e tamén conta co informe favorable de incidencia supramunicipal da Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial.

Así mesmo, o Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao acordo polo que se aproba a declaración de proxecto sectorial como de incidencia supramunicipal dunha granxa mariña e criadoiro de abalón en A Piela – Tal de Abaixo, no Concello de Muros (A Coruña).

Estes tres acordos son froito da revisión de Plan Sectorial de Parques de Tecnoloxía Alimentaria, que está a levar a cabo a Xunta de Galicia a través dos seus departamentos de Pesca, Medio Ambiente e Política Territorial, e que ten por obxecto modificar aqueles proxectos localizados en zonas consideradas de Rede Natura buscando outras situacións que non sexan prexudiciais nin para o medio ambiente nin para a cultura paisaxística de Galicia. Así, o actual Goberno galego pretende dar seguridade ás empresas acuícolas nas inversións que poidan facer na nosa comunidade ademais de definir claramente os espazos non protexidos de Galicia que se poden dedicar á cría de peixe. A revisión que está realizando a Xunta supón ademais a inclusión de novos proxectos que non estaban contemplados no plan sectorial inicial.

Proxecto pioneiro en Galicia

Dentro do acordo aprobado hoxe polos membros do Executivo autonómico, cabe destacar o visto bo á posta en marcha dunha granxa mariña e criadoiro de orella de mar. O interese público deste proxecto, pioneiro en Galicia, reside en varios aspectos. Entre



eles, que a actividade a desenvolver dá resposta a unha demanda social e laboral nunha zona que require de actividades que xeren emprego e non danen ou afecten o contorno, como é o caso da empresa proxectada por Galician Marine Aquaculture.

Tamén se debe ter en conta que a introdución na actividade acuícola de especies autóctonas con cualidades biolóxicas, ambientais, comerciais e tecnolóxicas aptas para o seu desenvolvemento sostible favorece a diversificación do sector da acuicultura, polo que fomentar o crecemento desta actividade económica constitúe un factor de desenvolvemento tanto social como económico.

Como consecuencia da instalación deste proxecto empresarial no Concello de Muros, producirase sen lugar a dúbidas unha importante dinamización económica para a zona ademais dunha interesante interrelación comercial e económica cos municipios colindantes, que será de grande utilidade e interese para todos eles.

Neste senso, o Concello de Muros xa manifestou de xeito público e directo o seu interese nun proxecto desta magnitude e transcendencia. Ademais, o compromiso da empresa pasa por manter unha integración paisaxística dadas as características do lugar no que se vai a atopar.

O obxecto social deste proxecto, pioneiro en Galicia, é a produción e comercialización de abalón (orella de mar) e produtos derivados do mesmo, así como calquera outra especie mariña, ademais de facer traballos de asesoramento ou consultoría a terceiros relacionados coas especies obxecto da actividade desta sociedade. Por último, Galician Marine Aquaculture, sociedade fundada en 2003 en Santiago de Compostela, ten tamén previsto entre os seus retos a comercialización de patentes dos produtos desenvolvidos pola sociedade, ben directamente ou a través de terceiros ou mediante a colaboración e/ou a cooperación con institucións públicas o privadas.

O Consello da Xunta valorou, ademais da novidade do produto empregado no proxecto, que sobre os terreos do ámbito a desenvolver non recae ningunha figura de protección ambiental, polo que a construción desta planta cumpre todos os requisitos ambientais exixidos.

O investimento total deste proxecto elévase a 6.906.673 euros.



PESCA INVISTE MÁIS DUN MILLÓN DE EUROS NA BUSCA DE ENERXÍAS ECONÓMICAS E ASEQUIBLES PARA O SECTOR PESQUEIRO

- ***A Consellería de Pesca e a Fundación para a investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación no sector pesqueiro de Celeiro asinarán un convenio de colaboración na procura de enerxías alternativas e limpas***
- ***Esta iniciativa contribuirá tamén a cumprir os compromisos de máximo respecto co medio ambiente***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Fundación para a investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación no sector pesqueiro de Celeiro, polo que se desenvolverá un proxecto piloto para a redución do consumo enerxético nos buques pesqueiros mediante a implantación de novas tecnoloxías no buque Santiago Apóstolo, propiedade da Fundación. Para esta iniciativa, Pesca investirá un total de 1.158.000 euros durante os anos 2006 e 2007.

O departamento de Pesca da Xunta de Galicia ten entre as súas competencias as relativas á innovación tecnolóxica e o desenvolvemento, que fai a través dos seus propios recursos tanto directamente como en colaboración con outras entidades. No exercicio destas funcións está a promover a realización de proxectos de I+D+i sobre áreas de coñecemento relacionadas co mar e a pesca, entre elas a adicada ao aforro enerxético. Deste xeito, e debido á situación actual do mercado internacional do petróleo, que está provocando a elevación continua dos prezos dos combustibles, a Consellería está a desenvolver medidas neste eido, consensuadas no seu día no Consello Galego da Pesca. Entre elas, podemos destacar a modificación realizada na normativa reguladora da primeira venda que suprime a obriga da poxa á baixa e que permite que os produtores poidan repercutir os custes de produción na venda. Asimesmo, a UE e o Goberno central conscientes da problemática existente, aumentaron as axudas de minimis ata 30.000 euros destinadas a compensar a suba do petróleo na explotación das embarcacións.

A iniciativa que propón o departamento que dirixe Carmen Gallego, e que se está a levar a cabo en colaboración coa Fundación de Celeiro, pasar por a busca de enerxías alternativas e limpas que contribúan a cumprir cos compromisos de máximo respecto co medio ambiente e que sexan máis económicas e asequibles para o sector pesqueiro. Esta actuación é contemplada tamén polo Fondo Europeo da Pesca, tanto no que se refire á investigación como no caso da implantación nas embarcacións da maquinaria que empregue esa enerxía.

Dúas fases

O desenvolvemento do proxecto piloto, con vixencia ata o 30 de xuño de 2007 salvo prórrogas, realizarase en dúas fases diferentes: A primeira analizará e valorará as tecnoloxías existentes para a redución do consumo enerxético e a súa implantación no



buque Santiago Apóstolo, como modelo de buque pesqueiro; a instalación dos sistemas de captura de datos xunto cun primeiro estudo dos mesmos; e finalmente un informe técnico detallado coas accións a acometer e a súa valoración económica. Na segunda parte do traballo, aplicaranse todas as conclusións obtidas na primeira fase ao buque insignia da Fundación.

A Fundación para a investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación no sector pesqueiro de Celeiro conta, para a posta en marcha deste traballo, coa experiencia e os medios necesarios para o desenvolvemento de proxectos de I+D+i, neste caso concreto para un proxecto moi ambicioso que ten como finalidade acadar o aforro enerxético e o emprego de enerxías alternativas e limpas nos buques de pesca galegos.



CRÉASE O SISTEMA DE INFORMACIÓN TERRITORIAL SOBRE A BIODIVERSIDADE DE GALICIA

- ***Un acordo de colaboración coa Universidade de Santiago permitirá poñer en marcha este servizo, que facilitará a conservación das especies e a xestión e planificación da rede de espazos protexidos***
- ***Amplíase tamén o convenio co campus para a realización do estudo sobre a calidade das augas superficiais da bacía Galicia Costa***

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible asinará un novo convenio de colaboración coa Universidade de Santiago, nesta ocasión co obxectivo de deseñar e poñer en marcha un Sistema de Información Territorial sobre a Biodiversidade de Galicia. O acordo ten como finalidade dispor dun servizo que facilite a conservación das especies e a xestión e planificación do territorio e, máis concretamente, da rede galega de espazos naturais protexidos.

En virtude do convenio aprobado hoxe, o departamento autonómico achegará a contía de 72.000 euros para a realización dos traballos de investigación, que se levarán a cabo, segundo o acordo, este e o vindeiro ano por parte de persoal do campus compostelán.

A sinatura deste acordo enmárcase dentro das competencias da comunidade autónoma, que é responsable da conservación e xestión, a través da Consellería de Medio Ambiente, da biodiversidade do seu territorio e dos lugares propostos da Rede europea Natura 2000. A complexidade do noso espazo así como a voluminosa información existente fixo que o departamento autonómico precisase da creación do sistema de información territorial.

Ampliación

Por outra banda, o Consello da Xunta aprobou tamén hoxe a subscripción dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Universidade de Santiago e a Consellería de Medio Ambiente para a realización dun estudo sobre a calidade das augas superficiais da bacía Galicia Costa. O obxecto deste acordo é a ampliación dos traballos que se están a facer actualmente, ata o ano 2007. A realización deste estudo, que comezou no ano 2005, supón un investimento de 252.653 euros por parte do departamento autonómico. Os traballos realizados pola universidade consisten na recollida e análise de mostras dos leitos da bacía Galicia Costa a través de 34 estacións distribuídas ao longo de máis de vinte ríos e de dez encoros de abastecemento.



A XUNTA AMPLÍA AS BOLSAS DE INVESTIGACIÓN NO CENTRO DE INFORMACIÓN AMBIENTAL DE LOURIZÁN (PONTEVEDRA)

- ***O departamento autonómico aumenta o orzamento e duración das bolsas para a realización de estudos sobre xenética forestal, fitopatoloxía e o cambio climático, entre outros.***

A Consellería de Medio Ambiente, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, aumenta o orzamento e o período de duración das bolsas de apoio destinadas á realización de tarefas investigadoras por parte de titulados superiores no Centro de Investigacións Ambientais de Lourizán (Pontevedra). As bolsas abarcan eidos tales como a ecoloxía, a mellora xenética forestal, fitopatoloxía, incendios forestais e o cambio climático.

Deste xeito, o departamento autonómico contribúe á formación profesional de persoal titulado en Galicia en materia ambiental e, ao mesmo tempo, reforza a actividade investigadora do Pazo de Lourizán. Así mesmo, as axudas funcionan como complemento das accións relativas ao Programa de recursos humanos do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica.

A orde que recolle a modificación destas bolsas, que foi aprobada hoxe no Consello da Xunta, prevé para este propósito unha contribución máxima por parte da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible de 76.146,88 euros para este ano e o próximo. A contía destinarase ás bolsas, ás que poden concorrer licenciados en enxeñaría de montes, bioloxía ou ciencias ambientais, que percibirán unha asignación bruta de 1.100 euros mensuais.



MEDIO AMBIENTE ASINA UN CONVENIO COA UNIVERSIDADE PARA ELABORAR O CATÁLOGO DE ÁRBORES SENLLEIRAS DE GALICIA

- ***O decreto que regula este tipo de protección atópase na actualidade en proceso de exposición pública***
- ***O acordo cos investigadores do campus compostelán permitirá crear un rexistro do que formarán parte os exemplares merecedores desta protección***

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible asinará un convenio de colaboración coa Universidade de Santiago para a elaboración do Catálogo galego de árbores senlleiras. O acordo, aprobado hoxe no consello, permitirá realizar os estudos necesarios para avaliar a inclusión e catalogación das árbores que pasarán a formar parte dun rexistro creado pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza. O departamento autonómico financiará a realización dos traballos de investigación ata 2008 cunha partida económica de 80.556 euros.

O decreto que regula a creación do Catálogo galego de árbores senlleiras foi publicado o pasado mércores, 26 de xullo, no Diario Oficial de Galicia (DOG) e atópase actualmente en fase de exposición pública. Durante o prazo de 30 días, os interesados poderán presentar alegacións se o estiman oportuno. No decreto inclúese unha proposta que recolle 127 exemplares, que segundo os criterios da consellería son merecentes de medidas específicas de protección en atención ás características que presentan: porte, idade, significación histórica e cultural, interese científico e paisaxístico, entre outros.

O catálogo é un rexistro aberto ao que se poderán facer chegar propostas, que logo serán estudadas por un comité, no cal estarán representados membros da administración e da universidade. A creación deste censo implicará a adopción por parte da Consellería de Medio Ambiente de medidas de protección dos exemplares, así como a creación dun réxime de axudas encamiñadas á súa conservación e, se é o caso, á realización de tratamentos fitosanitarios ou silvícolas de mantemento. Na mesma liña poderán subscribirse cos propietarios das árbores, públicas ou privadas, convenios nos que se recollan aspectos relacionados co uso dos elementos singulares como o réxime de visitas ou o acondicionamento de accesos.

Ata a creación deste catálogo só tres espazos foran declarados *Monumentos Naturais* pola presenza de árbores senlleiras: a Fraga de Catasós, no concello de Lalín (Pontevedra); o Souto da Retorta, en Viveiro (Lugo); e o Souto de Rozabales, en Manzaneda (Ourense).

MEDIO AMBIENTE DESTINA PRETO DE CATRO MILLÓNS DE EUROS Á EXECUCIÓN DE OBRAS DE SANEAMENTO NO BARCO DE VALDEORRAS, RIBADEO, CUNTIS E PIÑOR



- ***Na provincia de Ourense, o departamento autonómico investirá dous millóns na recuperación das ribeiras do río Sil e na dotación da rede de sumidoiro a núcleos da localidade de Piñor***
- ***Augas de Galicia construírá os colectores xerais de Ribadeo (Lugo) e Cuntis (Pontevedra)***

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a través do seu departamento de augas, aprobou unha nova partida orzamentaria para a mellora dos servizos hidráulicos na comunidade, neste caso para a dotación de redes de saneamento. Concretamente, no Consello da Xunta celebrado hoxe aprobáronse proxectos por valor de preto de catro millóns de euros que beneficiarán os concellos de Ribadeo, na provincia de Lugo, Cuntis, en Pontevedra, e O Barco de Valdeorras e Piñor, en Ourense.

O Barco

Dos proxectos aos que se deu luz verde hoxe, o de maior contía é o que corresponde á recuperación das marxe do río Sil, na localidade ourensá do Barco de Valdeorras. Neste concello, a Consellería de Medio Ambiente investirá 1.813.380 euros con cargo aos orzamentos deste e do vindeiro ano. As obras consisten na construción dun colector pola marxe dereita do río, entre a estación de augas residuais (Edar) e a desembocadura do regato de Cigüeño; a creación dun aliviadoiro e doutro colector pola marxe esquerda, así como a conexión entre as redes de ambas as marxes. O prazo de execución dos traballos é dun ano.

Ribadeo

A empresa pública de Servizos Hidráulicos financiará con 1.077.984 euros a construción do colector xeral de Ribadeo, no treito que discorre entre Rinlo e Vilaselán. A actuación forma parte do plan integral de saneamento da localidade lucense, que se atopa actualmente en execución. A nova rede partirá de Rinlo e chegará ata a estación de tratamento situada en Vilaselán. As obras deberán estar rematadas no prazo dun ano tras a súa licitación e adxudicación.

Cuntis

Outras das actuacións aprobadas hoxe consiste na ampliación da rede de saneamento e pluviais existente no concello de Cuntis, na provincia de Pontevedra. O proxecto consiste na construción de dous colectores novos de residuais, cunha lonxitude de 2.450 metros, no contorno da ponte sobre o río Gallo e unha serie de actuacións na Edar existente, que permitan a súa posta en funcionamento. As obras teñen un orzamento de 565.468 euros e un prazo de execución de seis meses.

Piñor

A cuarta obra hidráulica aprobada no Consello da Xunta celebrado hoxe permitirá dotar de servizos de rede de sumidoiros a todas as vivendas existentes en Torguedo-Moire-O Reino, Fontelo-Alvarona-Vilafesta, Casfigueiro, Barrán, Taller Almacén-As Lagoas, Lousada, Cotelas e Taller A Canda, no concello de Piñor (Ourense). O plan de saneamento executarase en seis meses e será financiado na súa totalidade pola Empresa



Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh), que investirá 324.968 euros nesta actuación.



A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO DESTINA 3,8 MILLÓNS DE EUROS PARA O NOVO PROGRAMA DE VIVENDA EN ALUGUER EN 2006

- ***O Consello da Xunta aprobou esta partida orzamentaria para as subvencións aos contratos de arrendamento que entren no programa no período comprendido entre o 1 de xullo e o 10 de decembro de 2006***

O Consello da Xunta aprobou un orzamento de 3.825.532,80 € para o novo Programa de vivenda en aluguer no ano 2006. Esta partida orzamentaria inclúe tanto as subvencións outorgadas aos inquilinos para o arrendamento, como as axudas aos propietarios para a rehabilitación das vivendas e a súa posterior inclusión no programa, que se están a adjudicar desde o pasado 1 de xullo e ata o día 10 de decembro de 2006, período que comprende esta primeira convocatoria anual de axudas para o aluguer.

Con este orzamento, a Consellería de Vivenda e Solo subvenciona os novos contratos que entren a formar parte do Programa de vivenda en aluguer ata o día 10 de decembro de 2006, ademais de todos os contratos procedentes do anterior programa da Bolsa de Aluguer que cumpran os requisitos e se incorporen ao novo programa, dentro do mesmo período.

No que queda de ano realizaranse seis procedementos de concesión de subvencións para o arrendamento, un cada mes, de tal xeito que as solicitudes presentadas ata o día 10 de cada mes serán resoltas antes do último día do mesmo mes e por un período dun ano.

As subvencións para o pagamento das rendas de aluguer destinaranse a persoas, familias ou unidades convivencia con ingresos ponderados comprendidos entre 0,7 e 2,5 veces o indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM). Os inquilinos achegarán o equivalente ao 30% do seu salario e o resto do aluguer será subvencionado pola Consellería de Vivenda e Solo, ata unha contía máxima de 450 € ao mes. Tamén se concederán axudas aos propietarios para efectuar obras de mellora por un importe máximo de 6.000 €, que se pagarán logo da xustificación das obras e tras alugar a vivenda nas condicións establecidas no programa.



A XUNTA ACHEGARÁ MÁIS DE 21 MILLÓNS DE EUROS Á REURBANIZACIÓN DOS BARRIOS MAGDALENA E FERROL VELLO DA CIDADE DEPARTAMENTAL

- ***A Consellería de Vivenda e Solo amplía o período de vixencia do convenio inicial asinado co Concello de Ferrol para a completa reurbanización destes barrios***
- ***As novas anualidades pretenden evitar que se perdan investimentos por falta de execución, polo que se adaptan as previsións ofrecidas polo propio concello***

O Consello da Xunta, por proposta da Consellería de Vivenda e Solo, aprobou a nova distribución orzamentaria para a reurbanización dos barrios da Magdalena e Ferrol Vello, que modifica o convenio de colaboración asinado en xullo de 2002 co Concello de Ferrol.

A presente modificación establécese a través dunha addenda na cal se prolonga a vixencia do convenio en dous anos, pasando de finalizar en 2007 a finalizar en 2009, e as cantidades que a Consellería de Vivenda e Solo transfere ao concello distribúense nesas catro anualidades, aínda que a modificación non varía a cantidade total que vai chegar o departamento que dirixe Táboas, que ascende a un total de 21.035.423 €.

Coa modificación, as anualidades establecidas polo convenio recollen as cantidades que o Concello de Ferrol indicou que ten capacidade de executar cada ano. En concreto, os 3.700.000 € previstos para o ano 2006 quedan fixados en 2.000.000 € para este ano. A asignación prevista para o 2007 pasa tamén de 3.700.000 € a 2.000.000 €, e súmanse dúas novas anualidades. En 2008 a achega da Consellería de Vivenda e Solo pasa a ser de 2.596.096 €, e de 1.700.000 € en 2009.

Ademais, para facer un adecuado seguimento do convenio modificado, o concello remitirá á consellería certificacións trimestrais da obra executada.

Evitar perder investimentos

O cambio aprobado hoxe prodúcese tras comprobar que o concello non era capaz de executar as anualidades establecidas ata agora, o que provocaba que parte deses recursos se perdesen, cun evidente prexuízo para a cidade de Ferrol e para a propia Consellería de Vivenda e Solo, xa que os recursos non utilizados retornan á Consellería de Economía ao final do exercicio orzamentario sen que poidan acumularse dun ano para outro.

Coa aprobación desta nova distribución orzamentaria, o departamento autonómico mantén o “firme compromiso de investir o que sexa preciso ata completar a recuperación dos barrios da Magdalena e Ferrol Vello”, como xa expresou a propia conselleira nacionalista, quen considera “prioritaria” esa actuación “dada a entidade e a calidade do centro histórico de Ferrol”, e porque a rehabilitación non debe limitarse aos edificios “senón tamén aos espazos públicos que configuran os barrios que se recuperan”.



A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO E XESTUR-PONTEVEDRA PROCEDERÁN A EXECUTAR A URBANIZACIÓN DO POLÍGONO DE VIVENDAS DE NAVIA

- ***As obras, cun importe de 4.518.149 euros, xa están iniciadas dando prioridade na execución a reparación da rede de saneamento deste polígono de vivendas***

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha resolución que ratifica o convenio asinado entre a Consellería de Vivenda e Solo e Xestur-Pontevedra, polo que se lle encarga a empresa pública adscrita a este departamento, a reurbanización da 1ª e 2ª etapa do polígono de vivendas de Navia e a urbanización do solo correspondente á 3ª etapa fase A.

As obras, que se están executando, tras axilizar ao máximo toda a tramitación administrativa para a licitación e posterior adxudicación, teñen un investimento de 4.518.149 euros, IVE incluído, e un prazo de execución de seis meses. Os traballos iniciáronse coa reparación da rede de saneamento, danada nun 70%, por ser a actuación que ten máis urxencia, e a continuación procederase á urbanización dos 86.000 metros cadrados que configuran a terceira etapa fase A.